



PROGRAMACIÓN  
XERAL ANUAL

2023-2024

CEIP LABARTA POSE

# ÍNDICE

ÍNDICE.....	1
1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO.....	3
1.1. Datos básicos.....	3
1.2. Unidades en funcionamento.....	3
1.3. Agrupamento de alumnos/as. matrícula dos grupos.....	3
1.4. Instalacións.....	3
2. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	6
2.1. Persoal.....	6
2.2. Órganos de Goberno.....	6
2.3. Órganos de coordinación docente.....	8
3. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.....	11
4. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.....	12
4.1. Obxectivos de organización.....	12
4.2. Obxectivos curriculares.....	13
4.3. Medidas e recursos para a consecución dos obxectivos.....	14
5. PROXECTOS DAS UNIDADES ORGANIZATIVAS.....	14
5.2. Proxecto do equipo docente de educación infantil.....	16
5.3. Proxecto 1º e 2º curso de educación primaria.....	21
5.4. Proxecto do equipo docente de 3º e 4º de educación primaria.....	27
5.5. Proxecto do equipo docente de 5º e 6º de educación primaria.....	32
5.6. Proxecto do equipo de dinamización da lingua galega.....	38
5.7. Proxecto do equipo de actividades complementarias e extraescolares.....	42
5.8. Proxecto do departamento de orientación.....	44
5.9. Proxecto do departamento de Lingua estranxeira.....	44
5.10. Proxecto de Educación Física.....	48
5.11. Educación plástica e musical.....	51
6. TEMPORALIZACIÓN.....	59
6.1. Horarios de profesorado.....	59
6.2. Quendas de recreo.....	59
6.3. Tarefas extraescolares.....	59

6.4.	Datas avaliacións.....	60
6.5.	Días non lectivos.....	60
6.6.	Horario do equipo directivo.....	60
7.	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	61
7.1.	Comedor escolar.....	61
7.2.	Transporte escolar.....	65
8.	TICS/PROXECTO ABALAR/EDIXGAL.....	66
8.1.	Xustificación.....	66
8.2.	Equipamento e infraestrutura das aulas.....	66
8.3.	Formación do profesorado.....	66
8.4.	Obxectivos.....	67
8.5.	Organización.....	68
8.6.	Uso dos ordenadores.....	68
8.7.	Metodoloxía.....	71
8.8.	Contidos.....	71
8.9.	Contribución do proxecto ao desenvolvemento das competencias básicas.....	71
8.10.	Avaliación.....	71
9.	CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.....	71
10.	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE.....	71
11.	POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA 72	
12.	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	72
13.	FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	72
14.	PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	72
15.	LIBROS DE TEXTO.....	73
15.1.	Libros de texto – curso 23/24. Educación Infantil.....	73
15.2.	Libros de texto – curso 23/24. Educación Primaria.....	73
16.	CERTIFICADO DE APROBACIÓN.....	76
17.	ANEXOS.....	77

# 1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

## 1.1. DATOS BÁSICOS

**Centro:** CEIP LABARTA POSE

**Código do Centro:** 15019086 **Enderezo:** Rúa Mestre Platas, s/n

**Teléfono/fax:** 881960044 / 881960045

**Correo E:** ceip.labarta.pose@edu.xunta.es

**Páxina web:** <http://centros.edu.xunta.es/ceiplabartapose>

**Localidade:** Baio

**Concello:** Zas

**Provincia:** A Coruña

## 1.2. UNIDADES EN FUNCIONAMENTO

Educación Infantil (EI)	3
Educación Primaria (EP)	6
<b>Total</b>	<b>9</b>

### Postos de traballo

	EI	EP	FF	FI	EF	MU	PT	ALC	D.O.C	Relixión
<b>Catálogo</b>	4	5	1	1	1	1	2	1	1	1
<b>Funcionan</b>	4	6	0	1	1	1	2	1	1	1

*Nota:* A orientadora comparte centro co CEIP Pepe Xan Baña de Santa Comba e a mestra de Audición e linguaxe é compartida co CPI de Zas.

## 1.3. AGRUPAMENTO DE ALUMNOS/AS. MATRÍCULA DOS GRUPOS

Grupo	EI 3	EI 4	EI 5	1º	2º	3º	4º	5º	6º
<b>Nº</b>	17	13	13	22	15	18	20	19	25

## 1.4. INSTALACIÓNS

## 1.4.1. Relación de edificios

<b>Edificio Educación Infantil</b> (EI/EE/Inglés/Música)	Planta Baixa	3 aulas de EI Aula de apoio Cociña e Comedor Almacén cociña e WC 2 WC alumnos/as Aula de psicomotricidade Aula de usos múltiples
	1º andar	Sala de Profesores 2 WC alumnos/as WC profesores/as - botiquín Aula de música Aula de instrumentos Aula de inglés 1 ludoteca 1 aula multifuncional
<b>Edificio Educación Primaria</b> (EP/Administración )	Planta Baixa	Despacho Dirección- Xefatura Estudos Secretaría Reprografía Biblioteca: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Infantil e 1º ciclo (Inclusiva)</li> <li>• 2º e 3º ciclos (Laranxa)</li> </ul> Útiles de limpeza/botiquín Almacén papelería 2 WC profesores/as
	1º Andar	2 aulas de primaria Laboratorio /aula de plástica Aula de Informática Despacho de Orientación 1 titoría 2 WC alumnos/ as
	2º Andar	4 aulas de primaria 2 Titorías 2 WC alumnos/as

### 1.4.2. Relación de instalacións deportivas

Patio cuberto	Anexo ao edificio de infantil conta cos wc para nenos e nenas e un almacén
Patio descuberto dianteiro	Patio Inclusivo Patio de xogos de infantil
Patio descuberto traseiro	Pista de tenis Pista de fútbol Pista de baloncesto
Pavillón polideportivo (de titularidade municipal)	Pista polideportiva (utilizada para as clases de Ed. Física) Auditorio (utilizado para as celebracións realizadas no centro: festivais, contacontos, concertos ...)

### 1.4.3. Situación das instalacións e equipamento

O CEIP Labarta Pose sufriu cambios e melloras nas súas instalacións debido as obras feitas tanto pola Consellería de Educación e O.U , polo Concello de Zas e pola ANPA.

O Colexio conta con dous edificios nos que se distribúen as distintas dependencias do centro. Ademais existe un patio cuberto e un descuberto, así como un pavillón municipal que se emprega para as clases de Educación Física e tamén como salón de actos (o sector adicado a Auditorio).

Aínda que nos últimos cursos o estado xeral das instalacións mellorou moito, o colexio segue a necesitar unha serie de melloras para o seu correcto funcionamento, algunhas son de carácter grave e outras de fácil subsanación, deficiencias que detallamos a continuación:

- No **Edificio de Educación Infantil** sería necesario substituir a cuberta, ten 50 anos de antigüidade e a miúdo hai que reparar entradas de auga e humidades. O centro sofre moitas perdas de calor debido ao mal estado de conservación da cuberta.
- **Reparación da instalación eléctrica** (tanto no edificio de infantil como no de primaria), co fin de evitar as avarías frecuentes que se veñen producindo todos os anos e a pouca potencia das liñas para todos os aparatos eléctricos cos que contamos na actualidade. Con data 9 de outubro de 2008, unha empresa contratada polo Concello efectuou unha revisión das instalacións eléctricas; seguimos a espera de que se efectúen as reparacións pertinentes.
- **Peche do recinto escolar:** A principios do curso 2010/11 o Concello de Zas fixo o

cerre do recinto escolar pola súa parte traseira, cambiouse tamén a parte de diante e agora sería necesario pintar os postes de cemento. Cambio da carpintería metálica do edificio de infantil por outra con un mellor acristalamento e cunha maior insolación.

- **Revisión da instalación de fontanería** (no edificio de infantil), subsanando os problemas que existen, especialmente as canalizacións que son de ferro e están en mal estado.
- **Instalación dalgún sistema de alarma** ou outra alternativa de seguridade, para evitar roubos.
- **Construción dun patio cuberto**, cubrindo cunha estrutura metálica a pista de baloncesto do Colexio.
- **Apertura doutra porta** no edificio de primaria, xa que só ten unha saída en caso de urxencia, que resultaría insuficiente.

## 2. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 2.1. PERSOAL

#### 2.1.1. Persoal docente

Situación	Nº
Destino Definitivo	12
Interino	5
Profesorado con outro centro base	0
Contratado (prof. Relixión)	1
<b>TOTAL</b>	<b>18</b>

#### 2.1.2. Persoal non docente

- Cociñeira
- Axudante de cociña
- Persoal de mantemento

#### Plan de organización das tarefas do persoal non docente

As funcións do **persoal laboral de cociña** do servizo de comedor escolar están recollidas no Decreto 132/2013 polo que se regulan os comedores escolares en centros públicos e na Orde do 21 de febreiro de 2007 que desenvolve dito decreto. As súas obrigas limítanse

ás instalacións do comedor escolar (comprobacións das materias primas requiridas, elaboración da comida, atención ás mesas e limpeza das instalacións e equipamentos do servizo do comedor escolar). Segundo o seu contrato o seu horario é de trinta e sete horas e media semanais, de 9.00 a 16:30.

O **persoal de limpeza**, realiza as funcións de limpeza de todas as instalacións do centro de acordo con un reparto de tarefas por día. Este persoal depende do Concello de Zas polo que o seu horario é establecido por esta institución.

## 2.2. ÓRGANOS DE GOBERNO

### 2.2.1. Órganos unipersoais

**Directora:** Sinda Cundíns Caamaño

**Xefa de Estudos:** Laura María Mosquera Villar

**Secretario:** Joaquín Rama Mato

#### Horario de atención ao público dos órganos unipersoais

Dentro das horas de liberación horaria do equipo directivo, establécense as seguintes para atención ás familias e demais público.

- **Directora:** Luns, martes mércores, xoves e venres de 13:40 a 14:30
- **Xefa de Estudos:** Luns, martes, mércores, xoves e venres de 11:10 a 12:00.
- **Secretario:** Luns, martes, mércores, xoves e venres de 9.30 a 10.20.

### 2.2.2. Órganos colexiados

#### CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

**El 3:** Leticia Gómez Navaza

**El 4:** María del Carmen Moreira Lavandeira

**El 5:** Marcos Luís López Maceiras

**Apoio Infantil:** Nerea Pastoriza Amado

**1º EP:** José Manuel Trillo Leis

**2º EP:** Sandra Anido Santiago

**3º EP:** Sinda Cundíns Caamaño

**4º EP:** Mª Jesús López Añón



5º EP: Mª Cristina García Seoane

6º EP: Noelia Bértoa Rodríguez

**Plástica e Música:** Yolanda Martínez Cores

**Educación Física:** Marta Canto Souto

**Inglés:** Laura Mosquera Villar / Noelia Bértoa Rodríguez

**Apoio a alumnos/as con NEAE:** Eva Janeiro Couceiro e Natalia Álvarez Cuadrado

**Relixión e moral católica:** Xaquín Rama Mato

**Orientadora:** Sheila Rodríguez Trigo ( compartida co CEIP Pepe Xan Baña

**Audición e Linguaxe:** Belén Fernández Vázquez (compartida co CPI de Zas)

#### CONSELLO ESCOLAR:

**Presidenta:** Sinda Cundíns Caamaño

**Xefa de Estudos:** Laura Mª Mosquera Villar

**Secretario:** Xaquín Rama Mato

**Representantes do profesorado:** Mª Jesús López Añón, Sandra Anido Santiago, Nerea Pastoriza Amado, Eva Janeiro Couceiro, Leticia Gómez Navaza.

**Representantes d@s pais/nais:** Sandra Sousa Fernández, Belén Sousa Fernández, Marta Rey Lema, Sandra Espasandín Vázquez, Mª Cristina Suárez Blanco

**Representante do Concello:** Pilar García García

#### COMISIÓN ECONÓMICA

**Presidenta:** Sinda Cundíns Caamaño

**Secretario:** Xaquín Rama Mato

**Representantes do profesorado:** Leticia Gómez Navaza

**Representantes d@s pais/nais:** Sandra Espasandín Vázquez

#### COMISIÓN DE CONVIVENCIA

**Presidenta:** Sinda Cundíns Caamaño

**Xefa de Estudos:** Laura Mª Mosquera Villar

**Representantes do profesorado:** Mª Jesús López Añón

**Representante d@s pais/nais:** Marta Rei Lema

**Orientadora escolar:** Sheila Rodríguez Trigo

**Pedagogía Terapéutica e responsable de Igualdade:** Eva Janeiro Couceiro

### 2.2.3. Programa de reunións dos órganos de goberno

O **equipo directivo** reunirse cantas veces sexa necesario, tanto en horario lectivo como non lectivo, e de forma habitual os martes de 17:30 a 18:30 co obxectivo de consensuar actuacións na organización do centro.

O **Claustro de Profesores e o Consello Escolar**, reuniranse de forma ordinaria ao principio e final de curso e unha vez ao trimestre e de forma extraordinaria sempre que os convoque o seu presidente ou un terzo dos seus membros. As reunións destes órganos terán lugar calquera martes do mes (día de permanencia do profesorado no centro) en horario de 16:30 a 18:30.

## 2.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

### 2.3.1. Equipos de ciclo

#### EDUCACIÓN INFANTIL:

Leticia Gómez Navaza: titora 3 anos

María del Carmen Moreira Lavandeira: titora de 4 anos

Marcos Luís López Maceiras: titor de 5 anos (Coordinador)

Nerea Pastoriza Amado: Apoio Infantil

Sheila Rodríguez Trigo: Orientadora

#### PRIMEIRO CICLO:

Sandra Anido Santiago

José Manuel Trillo Leis

Yolanda Martínez Cores

Natalia Álvarez Cuadrado (Coordinadora)

**SEGUNDO CICLO:**

M<sup>a</sup> Jesús López Añón

Sinda Cundíns Caamaño

Marta Canto Souto

Laura M<sup>a</sup> Mosquera Villar

Belén Fernández Vázquez

**TERCEIRO CICLO:**

M<sup>a</sup> Cristina García Seoane

Noelia Bértoa Rodríguez

Eva Janeiro Couceiro

Xaquín Rama Mato

2.3.2. Comisión de coordinación pedagóxica

Sheila Rodríguez Trigo (Orientadora e Xefa do Departamento)

Sinda Cundíns Caamaño (Directora)

Laura M<sup>a</sup> Mosquera Villar (Xefa de Estudos)

José Manuel Trillo Leis( Coordinador do E. Dinamización da Lingua Galega)

Yolanda Martínez Cores (Coordinadora PLAMBE)

Belén Fernández Vázquez (A.L)

Eva Janeiro Couceiro (Coordinadora Extraescolares e actuará como secretaria)

Marcos Luís López Maceiras (Coordinador Infantil)

Natalia Álvarez Cuadrado (P.T)

Eva Janeiro Couceiro (P.T,)

### 2.3.3. Equipo de dinamización da lingua galega

José Manuel Trillo Leis, mestra titora de 1º de Educación Primaria e coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Marcos Luís López Maceiras, mestre titor do 5º nivel de educación infantil.

Noelia Bértoa Rodríguez, mestra de 6º de educación primaria

Mª Jesús López Añón, mestra titora de 4º nivel de educación primaria

Sinda Cundíns Caamaño, mestra titora de 3º nivel de educación primaria.

Marta Canto Souto, mestra especialista en educación física.

Belén Fernández Vázquez, mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Nerea Pastoriza Amado, mestra de apoio de educación infantil.

Natalia Álvarez Cuadrado, mestra de PT

### 2.3.4. Equipo actividades complementarias e extraescolares

Eva Janeiro Couceiro ( Mestra de PT e Coordinadora)

Yolanda Martínez Cores (E. Artística)

Xaquín Rama Mato (Relixión)

Mª Cristina García Seoane (6ºE.P)

Leticia Gómez Navaza (E.I) Mónica Maroño Negreira (P.T)

Sandra Anido Santiago (2ºE.P)

Laura Mª Mosquera Villar (Inglés)

Sheila Rodríguez Trigo (Orientadora)

Mª Carmen Moreira Lavandeira

### 2.3.5. Departamento de Orientación

Sheila Rodríguez Trigo (Orientadora e xefa de departamento)

Belén Fernández Vázquez (AL)

Eva Janeiro Couceiro (P.T.)

Natalia Álvarez Cuadrado (P.T)

### 2.3.6. Programa de reunións dos órganos de coordinación docente

As reunións dos órganos de coordinación docente realizaranse os martes de cada mes en horario de 16:30 a 17:30, na seguinte orde:

**1º martes:** E. de dinamización da lingua galega / E. de actividades extraescolares e complementarias.

**2º martes:** Ciclos

**3º martes:** Biblioteca/ Departamento de Orientación

**4º martes:** Comisión de Coordinación Pedagóxica

Estes equipos reuniranse de forma extraordinaria tantas veces sexa preciso para coordinar e consensuar as súas funcións.

## 3. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo do CEIP Labarta Pose procuramos o entendemento entre todos os membros da comunidade educativa así como coas Administracións locais, provinciais e autonómicas. Queremos un centro aberto e colaborador coa súa contorna e fomentaremos as relacións coas familias, ANPA, institucións sociais da vila, Concello de Zas, administración educativa...

Buscamos o cumprimento de actividades con suxeición aos principios constitucionais, garantía de neutralidade ideolóxica e respecto das opcións relixiosas e morais.

Potenciaremos os valores básicos que a sociedade actual demanda, referidos a solidariedade, respecto aos demais, tolerancia, responsabilidade, igualdade e en xeral todos aqueles valores que deben formar parte do proceso de ensino-aprendizaxe e que permitan o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional do noso alumnado.

Fomentaremos a participación do profesorado en proxectos de formación e innovación educativa que melloren a calidade do ensino do noso centro.

Teremos en conta as suxestións e achegas feitas tanto polos órganos colexiados de goberno como polos órganos de coordinación docente, ANPA e demais membros da comunidade educativa á hora da toma de decisións.

Xestionaremos os programas que poidan contribuír á mellora da vida pedagóxica do centro: Plan Proxecta, Proxecto Voz Natura, Plan Director, Proxecto Escornabots na Biblioteca Escolar, Plambe, Contratos Programa ...

Realizaremos as xestións oportunas para, coa colaboración da ANPA, ante o Concello e a Consellería, solicitar reformas e melloras das instalación e servizos do Centro.

En definitiva, traballaremos conxunta e coordinadamente como equipo buscando os recursos necesarios e facilitando os medios precisos para un bo funcionamento do centro en todos os aspectos.

## 4. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

### 4.1. OBXECTIVOS DE ORGANIZACIÓN

- Fomentar a convivencia e o **traballo cooperativo** de todos os membros da comunidade educativa nun clima de respecto e tolerancia.
- Manter unha **boa relación** coa administración educativa e co **Concello** para conseguir melloras importantes para o noso Centro.
- Colaborar coa **ANPA** do Centro nun clima de respecto e cordialidade.
- Acondicionar algunhas dependencias, para poder contar con máis espazos onde organizar actividades complementarias ao labor docente.
- Realizar as obras necesarias para mellorar as condicións de seguridade do centro (revisión do sistema eléctrico, instalación dun sistema de alarma, mellorar as condicións das aulas e do patio...).
- Acadar a máxima rendibilidade dos recursos dispoñibles, tanto persoais coma materiais.
- Tratar de que o centro funcione como unha unidade organizativa integrada e orientada á consecución duns obxectivos comúns.
- Procurar garantir a coordinación de todas as actividades e a correcta participación de todos os sectores da comunidade escolar.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara o CEFORE continuar coa **PFPP**.
- Promover as accións necesarias para o acondicionamento das instalacións e da renovación de mobiliario e equipamento.
- Abrir o Centro á contorna próxima buscando unha maior colaboración coas entidades sociais e culturais da vila de Baio.
- Participar en plans e **proxectos de Innovación Educativa** que melloren a calidade

do ensino do noso alumnado.

- Solicitar a incorporación no **Plan Proxecta** e Contratos Programa, que pescudan un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede do alumnado e do profesorado implicado.
- Continuar co **Proxecto do Plan de Mellora da Biblioteca Escolar e co Proxecto de Biblioteca Creativa**, destinado a introducir nos Centros una nova linguaxe (a de Programación) impulsando o uso de pequenos robots en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, o razoamento lóxico, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo.
- Optimizar os recursos do Proxecto **Abalar e E-DIXGAL**
- Desenvolver a sección bilingüe na área de plástica en 6º de primaria.
- Aumentar o número de seccións bilingües no centro.
- Mantemento e coidado dos espazos exteriores do centro.
- Fomentar o proxecto de libros dixitais, **EDIXGAL**.
- **Plan director:** actividades formativas para o alumnado de 5º e 6º.
- Continuar co **Proxecto Voz Natura** para a defensa dos espazos naturais.
- **Proxecto Horta:** Aproveitar a horta como medio para formar ao alumnado no respecto pola natureza, como na necesidade de convivir con ela. Favorecer accións que precisen de colaboración e cooperación, para estimular o traballo en equipo no coidado da horta (agora con bancais) e xerar unha rutina de coidados básicos das plantas e animais que conviven na escola.

#### 4.2. OBXECTIVOS CURRICULARES

1. Formar integralmente ao alumnado dentro do respecto ás características persoais dos demais.
2. Establecer un réxime de coeducación no que non exista ningún tipo de discriminación (por razón de sexo, raza, relixión...).
3. Educar no respecto e a tolerancia desenvolvendo as accións necesarias para garantir unha boa convivencia na escola.
4. Fomentar a implicación das familias na tarefa educativa dos seus fillos colaborando coas actividades propostas desde o centro.
5. Revisar e actualizar as normas de organización e funcionamento (NOF) para adaptalas ao decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 e

participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e a actualización do Plan lector do centro.

6. Promover e valorar o uso das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma por igual.
7. Desenvolver hábitos de coidado cara ás dependencias e materiais persoais e do Centro.
8. Levar a cabo os reforzos educativos e as adaptacións curriculares necesarios.
9. Fomentar a lectura como un medio para acadar información e pracer.
10. Seguir utilizando as novas tecnoloxías como un dos recursos para acadar os obxectivos nas diferentes áreas.
11. Aplicar o Plan das TICs en coordinación cos proxectos Abalar e EDIXGAL.
12. Fomentar o uso da lingua inglesa a través dunha sección bilingüe.
13. Respetar o medio próximo, axudados por proxectos relacionados co coidado medioambiental: Voz Natura, Recíclate con Sogama (proxecto realizado no colexio para fomentar a reutilización e a reciclaxe. Cos restos de froitas e verduras do comedor elaboráramos compós para a nosa horta).

#### 4.3. MEDIDAS E RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

O equipo directivo velará pola consecución dos obxectivos propostos, dando exemplo nas súas actuacións e requirindo a toda a comunidade educativa o cumprimento das normas establecidas. Cremos que todos estes obxectivos se poden ir acadando, pero sempre nun clima de respecto, convivencia, tolerancia e colaboración entre todas as partes implicadas no funcionamento do noso centro.

A implicación das familias, ANPA, comunidade educativa, administración local e provincial, asociacións...é un recurso imprescindible para poder alcanzar os obxectivos propostos.

O sistema de comunicación co alumnado realízase a través da Plataforma ABALAR e EDIXGAL, xa que contamos cun servizo/aplicación de mensaxería e tamén por medio das aulas virtuais.

Coas familias a través do correo electrónico do centro, Abalar Móbil, o correo corporativo ou o teléfono do centro.

## 5. PROXECTOS DAS UNIDADES ORGANIZATIVAS

### 5.1. PROXECTO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA



### 5.1.1. Composición

Ver apartado 2.3.2.

### 5.1.2. Reunións

Ordinarias, unha ao mes, e todas as que sexan precisas de forma extraordinaria.

### 5.1.3. Obxectivos

- a. Dar resposta a calquera tema que se considere de interese ou sexa proposto polos diferentes equipos, departamentos ou claustro de profesores.
- b. Canalizar as necesidades de formación do profesorado, dentro do centro e cara ao centro de formación continuada (PFPP)
- c. Establecer os mecanismos e a temporalización para a revisión e actualización de documentos do centro: Normas de Organización e Funcionamento (NOF), Proxecto Lingüístico e Proxecto Lector.
- d. Continuar coa elaboración de fichas para a recollida de información sobre páxinas web, programas informáticos, páxinas de internet, xogos,... que se traballan nos distintos temas curriculares e niveis, co fin de organizar e facilitar o traballo co alumnado no aproveitamento das TICs.
- e. Supervisar o plan de mellora da biblioteca escolar do centro, en todo o relativo á parte pedagóxica das actividades propostas pola comisión da biblioteca.
- f. Supervisar a aplicación do Proxecto Abalar no centro.
- g. Velar pola coordinación entre os distintos proxectos e actividades do centro.
- h. Participar no proxecto de Voz Natura.
- i. Supervisar que cada titor elabore o seu propio Plan de Acción Titorial tomando como base o xeral do centro.
- j. Supervisar o desenvolvemento da sección bilingüe.
- k. Supervisar a aplicación do proxecto de libros dixitais (EDIXGAL) en 5º e 6º de primaria.

### 5.1.4. Temporalización

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

- Directrices para a elaboración das programacións didácticas, según as instrucións recibidas desde inspección.
- Directrices para a elaboración dos Plans de Acción Titorial de cada mestre/a.

- Directrices para a elaboración/modificación das Adaptacións Curriculares.
- Revisión e actualización do NOF do centro, do Proxecto Lingüístico e do Proxecto Lector.
- Propoñer as datas axeitadas para as distintas avaliacións.
- Seleccionar as capacidades axeitadas que deben reflectir os boletíns de notas.
- Intentar realizar un simulacro de evacuación segundo o plan de autoprotección do centro.
- Propoñer os criterios axeitados para levar cabo a avaliación por competencias nos distintos ciclos.

### **SEGUNDO TRIMESTRE:**

- Supervisión dos plans de formación do profesorado do centro.
- Recompilación de páxinas web interesantes para traballar distintas materias nos distintos ciclos.
- Supervisar a realización de probas por parte do D.O. nos niveis de 2º E.P , 4º E.P. e 6º E.P.

### **TERCEIRO TRIMESTRE:**

- Supervisar a realización de probas por parte do D.O. en 6º de E.I. e en 6º de Primaria.

## 5.2. PROXECTO DO EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN INFANTIL

### 5.2.1. Composición do equipo

O equipo de Educación Infantil está formado por:

- Leticia Gómez Navaza: titora de 4º de El.
- María del Carmen Moreira Lavandeira: titora de 5º de El
- Marcos Luís López Maceiras: titor de 6º de El e coordinador de ciclo.
- Nerea Pastoriza Amado: apoio de El.
- Sheila Rodríguez Trigo: orientadora

### 5.2.2. Reunións de equipo

O equipo de ciclo reunirse unha vez ao mes, concretamente o **segundo martes** de cada mes, **ás 16:30 h.** Tamén se realizarán outras reunións de carácter extraordinario sempre que se considere necesario.

### 5.2.3. Reunións e titorías cos pais e nais

O día establecido polo centro para as titorías coas familias é o **martes de 15:30h. a 16:30 h.** As reunións colectivas coas familias ao comezo de curso terán lugar nas seguintes datas:

- Infantil 3 anos: 6 de setembro.
- Infantil 4 anos: 8 de setembro.
- Infantil 5 anos: 3 de outubro.

### 5.2.4. Obxectivos xerais

- a. Facer da escola un lugar agradable ao que os nenos e nenas asistan contentos.
- b. Favorecer a convivencia e a educación en valores.
- c. Fomentar a adquisición progresiva da autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Integrar a contorna máis próxima en cada un dos proxectos e centros de interese, para coñecela, apreciála e respectala.
- e. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegar á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- f. Fomentar o gusto pola lectura e a maxia dos contos.
- g. Achegarse, na medida das posibilidades dos escolares, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Adquirir e consolidar hábitos de hixiene.

Ademais de establecer estes obxectivos, relacionados cos mesmos tamén establecemos o inicio no desenvolvemento das **competencias clave**: competencia en comunicación lingüística; competencia plurilingüe; competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería; competencia dixital; competencia persoal, social e de aprender a aprender; competencia cidadá; competencia emprendedora; competencia en conciencia e expresión culturais, tal como recolle o Decreto 150/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto, a través de potenciar o aprender a saber, aprender a ser e aprender facer nos nenos e nenas, en definitiva, contribuíndo o paradigma educacional de “aprender a aprender” (proxectos de investigación e construtivos, obradoiros, resolución de problemas, etc.).

### 5.2.5. Metodoloxía de traballo

A metodoloxía que utilizaremos ao longo de todo o curso estará baseada nos seguintes principios:

- A **aprendizaxe** será **significativa** xa que a mesma asegura que os coñecementos adquiridos dentro e fóra da aula poidan ser empregados nas circunstancias nas que o alumno/a vive e nas cales poida chegar a necesitalos. Implica capacitar ao alumnado para comprender e interpretar a realidade, valorala, tomar decisións e intervir sobre ela.

Para que a aprendizaxe sexa significativa teremos moi en conta:

- Contidos significativos (estrutura interna coherente, clara e ben organizada).
  - Coñecementos previos do alumnado.
  - Motivación (potenciando a acción, a manipulación, o xogo, a verbalización)
  - Interese (nacemento dun irmán, festas, celebracións, novas ou acontecementos interesantes...).
- A **ensinanza** será **globalizada**. A forma de vivir e coñecer nestas idades é global, calquera acción – interacción co seu entorno, tanto físico como social, pon en xogo todos os ámbitos da súa persoa: intelectuais, físicos, emocionais,... As actividades globais e vivenciais son a forma de coñecemento que mellor se adecúan ás características do alumnado e ás finalidades educativas que perseguimos, xa que, cada proxecto é un anaco de vida real que levamos á aula e da que aprendemos. A partir deses proxectos, poderemos ofrecer unha realidade máis global, que lles permita unha conexión real cos seus intereses cotiás. Polo que, partindo da necesaria planificación do noso traballo como profesionais de infantil, daremos conta da debida flexibilidade, adaptándonos a cada situación e necesidade.
  - A **individualidade – interacción cos outros/as**: Os procesos de construción do coñecemento son individuais, polo que os ritmos de aprendizaxe e desenvolvemento son diferentes aínda nun mesmo grupo de idade. Exporemos un traballo que responda a cada unha das individualidades, que permita a cada neno/a seguir o seu propio ritmo de aprendizaxe, en función das súas características persoais, de maneira que cada un reciba as axudas necesarias para lograr o máximo desenvolvemento das súas potencialidades. Evitaremos como mestras/es impor un único modelo ou meta a conseguir por todos os integrantes do grupo, ofrecendo unha ampla gama de ofertas onde atopen resposta as demandas e peculiaridades de cada persoa. Esta diferenza individual non resulta contraditoria cos procesos de socialización, un dos obxectivos esenciais da escola. En definitiva, o obxectivo educativo é conseguir que todo o noso alumnado consiga o máximo desenvolvemento persoal e social posible, para o cal debemos facilitarlle unha educación adaptada as súas singularidades, garantíndolle a

igualdade de oportunidades e ofrecéndolle os recursos precisos para iso.

- A **afectividade** como eixe que xira en todo o proceso, creando un ambiente no que o neno/a se sinta integrado no seu grupo. O alumnado de EI precisa establecer vínculos afectivos co profesorado e cos iguais, dándolle confianza para explorar as posibilidades que lle ofrece o entorno escolar. Así, os mestres/as teñen que atender á diversidade, contribuíndo ao desenvolvemento individual e á socialización.
- O **xogo**: o xogo constitúe o modo fundamental de relación entre os nenos/as desta idade, de aí que sexa necesario concederlle o protagonismo que merece dentro do proceso educativo, evitando a falsa dicotomía entre xogo e traballo escolar.

#### 5.2.6. Material escolar. Criterios de selección, outros recursos

De forma xeral, o material utilizado durante o curso será:

- Material impreso (contos, libros de consulta, imaxes, fotografías, debuxos, ...).
- Material elaborado polo equipo docente de Educación Infantil.
- Material informático e audiovisual.
- Material didáctico (crebacabezas, dominós, bingos, xogos, xoguetes...).
- Material funxible.
- Material de refugallo.

Por outra banda, contamos cos seguintes recursos:

- Ordenador de aula con conexión a Internet e PDI.
- Pantalla interactiva
- Aula de informática.
- Biblioteca escolar e de aula.
- Aula de psicomotricidade.
- Aula de usos múltiples.
- Comedor escolar.
- Pavillón.
- Auditorio municipal.
- Patio exclusivo para EI.

Os materiais e recursos serán seleccionados en función das características do alumnado e das actividades que se pretenden levar a cabo.

### 5.2.7. Programación de actividades e tarefas

O equipo de Educación Infantil seguirá traballando por proxectos e recantos de actividade. O centro de interese do Proxecto Documental Integrado (PDI) para este curso será a conmemoración do 50 aniversario do noso centro. Este proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso con actividades de diferente natureza. Tamén se traballarán outros proxectos e secuencias didácticas que xurdan do propio interese e motivación dos nenos/as.

### 5.2.8. TICs

No ámbito das TICs, realizaremos unha sesión semanal na aula de informática para iniciar ós nenos/as no manexo dos ordenadores e do encerado dixital. Tamén utilizaremos o ordenador da aula e a pantalla dixital interactiva.

O material informático será o axeitado á idade do alumnado e relacionado cos temas traballados na aula.

No caso de ser necesario empregaremos a **Aula Virtual** do centro se o habitual ensino presencial resulta modificado por algunha circunstancia imprevista.

Para comunicarnos coas familias do alumnado utilizarase, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos (Páxina Web do centro, Aula Virtual, Abalar Móbil, correo electrónico...).

### 5.2.9. Saídas

Para o presente curso xa temos previsto realizar unha excursión de fin de curso a unha granxa escola (Granxa de turismo ecuestre O Ventoso, no concello de Laracha) o día 21 de maio de 2024. Tamén se poderá realizar algunha saída ou roteiro relacionada co proxecto anual (50 aniversario do centro). A nosa intención é a de realizar polo menos unha saída en cada trimestre.

### 5.2.10. Conmemoracións

Dende o equipo de ciclo traballaremos todas aquelas conmemoracións propostas na Orde pola que se establece o calendario escolar para o curso 2023-24, así como as propostas dende o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares ou a Biblioteca escolar. Conmemoraremos os seguintes acontecementos con maior profundidade:

### 1º TRIMESTRE

- Celebración do Samaín e Magosto.
- Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.
- Nadal

### 2º TRIMESTRE

- Día da Paz.
- Día de Rosalía de Castro
- Entroido.
- Día internacional da muller
- Día da árbore.

### 3º TRIMESTRE

- Día do libro
- Día das familias.
- Letras galegas.

#### 5.2.11. Avaliación

A avaliación do proceso de ensinanza - aprendizaxe será global, continua e formativa. basearase na observación directa e sistemática. Para levar a cabo a avaliación temos que seguir a **Orde de 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o decreto curricular 150/2022 e se regula a avaliación nesta etapa educativa.

Faremos unha avaliación inicial ó comezo de curso, outra continua ó longo do curso e outra final que recollerá o grado de consecución dos obxectivos propostos e o inicio no desenvolvemento das competencias clave. Trimestralmente xerarase un informe no Xade que recollerá os resultados da avaliación así como as medidas de reforzo e adaptación empregados, de ser precisos.

Neste curso a avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Esta avaliación permitirá identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. Este proceso incluírá as seguintes accións:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior para o alumnado de 5º e 6º de EI.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional.
- Observación do alumnado de 4º de EI durante o período de adaptación e análise da información obtida nas entrevistas coas súas familias.

### 5.3. PROXECTO 1º E 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

#### 5.3.1. Composición

- José Manuel Trillo Leis. Titor de 1º de Educación Primaria.
- Sandra Anido Santiago. Titora de 2º de Educación Primaria.
- Yolanda Martínez Cores. Mestra Plástica, Música e danza.
- Natalia Álvarez. Mestra PT e coordinadora do 1º ciclo.

#### 5.3.2. Reunións

O profesorado que pertence a este ciclo reunirse as veces que sexa necesario para coordinar as actividades que se consideren necesarias.

#### 5.3.3. Reunións e titorías con pais e nais

Farase unha reunión colectiva cos pais e nais ao principio do curso. Consideramos axeitado realizala na primeira quincena de setembro.

A atención individualizada será preciso solicitala con antelación, e será os martes de 15:30 a 16:30, horario establecido no centro para a atención ás familias. En ocasións puntuais poderán acordarse titorías noutro horario.

#### 5.3.4. Obxectivos

- a. Desenvolver a capacidade do alumnado para lograr que adquiera os coñecementos necesarios que se lles pide para conseguir o nivel esixido nos dous niveis.
- b. Potenciar un ensino activa no que se desenvolva a iniciativa e a creatividade.
- c. Comunicarse por medios de expresión verbal, corporal, visual, musical e matemática, desenvolvendo a sensibilidade estética, a creatividade e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.
- d. Empregar con soltura e fluidez as dúas linguas oficiais, así como a lingua estranxeira respectando a diversidade lingüística.
- e. Fomentar a capacidade de observación e de crítica, xunto coa adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- f. Fomentar a coeducación para que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, relixión ou raza favorecendo un comportamento solidario.



- g. Fomentar o gusto polo traballo ben feito, reflectido no traballo individual e de grupo.
- h. Incorporar nas nosas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co entorno próximo do alumnado.
- i. Coñecer o patrimonio cultural e participar na súa conservación.
- j. Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do entorno natural e social contribuíndo activamente na defensa, conservación e mellora do medio ambiente.
- k. Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e democrática e obrar acordo con eles.
- l. Fomentar a colaboración entre os diversos elementos que integran a comunidade educativa: familias, mestres, alumnado, persoal non docente e Concello para acadar como obxectivo común o desenvolvemento global das capacidades dos/as alumnos/as.
- m. Coñecer e apreciar o corpo e contribuír ao seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde.
- n. Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións en grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar a iniciativa e de establecer relacións afectivas.
- o. Fomentar as actividades físicas, lúdicas e de grupo no tempo de lecer.
- p. Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo e aceptar as normas que democraticamente se decidan.
- q. Articular os obxectivos e intereses propios cos outros membros do grupo respectando os puntos de vista distintos e asumindo as responsabilidades que correspondan.
- r. Identificar e suscitar interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria, utilizando tanto os coñecementos e os recursos materiais dispoñibles, como a colaboración doutras persoas para resolvelos de forma creativa.
- s. Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos oportunos para obter a información pertinente e representalos mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa solución.
- t. Procurar que o alumnado non entre nas aulas nos recreos, sen o permiso dos mestres.
- u. Evitar liortas e actividades que comporten risco no patio.
- v. Usar as papeleiras para depositar o lixo para manter limpo o recinto escolar.

- w. Utilizar axeitadamente os aseos, manténdooos nas mellores condicións hixiénicas.
- x. Favorecer a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.
- y. Promover a animación á lectura por medio de actividades que favorezan o achegamento aos libros, promovendo tanto o uso da biblioteca de aula como da escolar.
- z. Participar nas propostas didácticas deseñadas polos departamentos do EDLG, Actividades extraescolares e complementarias e de Voz Natura.

### 5.3.5. Metodoloxía de traballo

A incorporación das competencias básicas no currículo ten como intención primordial permitirlle ao alumnado integrar as aprendizaxes relacionándoas cos diferentes tipos de contidos. Deste xeito poderá usar eses contidos e aplicalos a situacións variadas. Isto ten consecuencias directas na práctica educativa, que deberá:

- Salientar as aprendizaxes básicas e seleccionar contidos relevantes.
- Dotar os contidos dun enfoque globalizado.
- Centrarse na funcionalidade.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender e participe na toma de decisións.
- Favorecer o traballo cooperativo.
- Favorecer habilidades para a busca e procesamento da información.

Á súa vez este cambio na práctica educativa permite formular as seguintes estratexias metodolóxicas:

- A metodoloxía proposta será global, activa e emancipadora, de xeito que potencie as aprendizaxes significativas.
- Os modelos de ensino e aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado.
- A aprendizaxe será un proceso interactivo, no cal cómpre a participación activa e dinámica das nenas e dos nenos.
- O alumnado reorganizará os seus coñecementos, coa axuda do grupo, á luz da nova información.

En síntese, nestes dous niveis precísanse métodos que permitan aprender dende a realidade e dende as concepcións previas, dende unha ollada ao entorno, dende a diversidade, traballando conxuntamente, promovendo que os nenos progresen ao seu propio ritmo, acadando unha maior autonomía e sendo protagonistas da súa propia aprendizaxe.

O profesorado destes niveis debe establecer normas de actuación a seguir entre todos co alumnado, é dicir, unificar criterios de actuación. Informar sobre as NEAE dun alumno ou alumna, en caso de habelo, e saber que recursos están dispoñibles a nivel de aula, centro ou externos, que tamén poden ser válidos para o resto do alumnado.

Potenciar o uso activo das bibliotecas do centro, e as da aula, así como o uso das novas tecnoloxías para a procura de información que poda ampliar contidos e aumentar a motivación cara a aprendizaxe do neno/a.

### 5.3.6. Recursos: material didáctico e pedagóxico. Material escolar. Recursos humanos. Outros recursos.

#### MATERIAL

- Libros de texto nas áreas de Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Relixión.
- Material elaborado polas titoras na área de Lengua Castellana e en Valores/Proxecto Competencial.
- Material funxible que se lles pide aos alumnos/as, será establecido polas respectivas mestras que imparten nos dous niveis.
- Guías didácticas.
- Atlas e anuarios.
- Materiais de aula: dicionarios das distintas linguas.
- Láminas.
- Mapas.
- Murais de xeografía e historia.
- Tecnoloxías da comunicación e información: ordenadores, encerado dixital, proxector....
- Biblioteca escolar e de aula
- Revistas.
- Xornais.
- Xogos.
- Materiais audiovisuais: CD, DVD...
- Material específico de cada área.
- Material específico de laboratorio.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

- Que faciliten un ensino globalizado.
- Que se adecúen aos obxectivos propostos.
- Que resulten motivadores.
- Que sirvan de recoñecemento dos coñecementos adquiridos.
- Axeitados ao desenvolvemento físico e intelectual dos alumnos/as.
- Que se empreguen en ampliación e reforzo de coñecementos.
- Que sexa manipulable e axeitado aos niveis.

**RECURSOS HUMANOS**

- Os mestres/as das distintas áreas.
- Especialistas de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e orientadora.

**OUTROS RECURSOS**

- Externos: CEFORE, EOE, SS.SS do Concello, ANPA, Asociacións culturais, SERGAS...
- Diferente persoal humano para desenvolver as actividades propostas polo ciclo.

## 5.3.7. Programación de actividades e tarefas

No 1º e 2º nivel, a programación de actividades será semanal ou quincenal.

## 5.3.8. As TICs (Informática)

Ámbalas dúas titorías, dende distintos ámbitos, utilizarán a informática como un recurso didáctico complementario para a actividade docente. Durante este curso intentarase fomentar o uso das TICS para alcanzar a maior autonomía nos nenos e nenas neste campo, sempre tendo en conta a súa idade.

**PROPOSTA DE UTILIZACIÓN DESTAS TECNOLOXÍAS:**

Algúns obxectivos a conseguir serán:

- Acender e apagar o ordenador.
- Manexar o rato.
- Adquirir o vocabulario básico adaptado o seu nivel (teclado, pantalla...)
- Conseguir o hábito de respectar a quenda establecida.
- Respectar o material informático.

Para acadar estes obxectivos, unha proposta inicial podería ser:

- Distribuír aos nenos e nenas, para que accedan, por quendas e individualmente,

ao traballo no ordenador.

- Empezarase con programas pechados ou descargados por internet.
- Fomentarase, tendo en conta a idade do alumnado, a autonomía no acceso ao blog de aula, aula virtual do colexio ou outras ferramentas corporativas que poderían ser usada na docencia telemática.

Ao tempo que o alumnado adquira destrezas e o profesorado máis preparación e información, os obxectivos propostos poderán ampliarse e/ou modificarse.

### 5.3.9. O proxecto lector (Biblioteca e Plan de Mellora)

Participación nas seguintes actividades programadas dende a biblioteca:

- Caixa viaxeira
- Mochila viaxeira
- Hora de ler (dedicaranse 30 minutos diarios á lectura).
- Recomendacións lectoras no Nadal e no verán.
- E outras que se propoñan dende a biblioteca ao longo do curso para o fomento da lectura.

### 5.3.10. Actividades (saídas extraescolares, conmemoracións, voz natura)

#### SAÍDAS EXTRAESCOLARES

Seguirán realizándose saídas de carácter didáctico e pedagóxico. Seleccionaranse as máis axeitadas e levarase a cabo un mínimo de unha por trimestre.

#### CONMEMORACIÓNS

Ademais das legalmente establecidas, celebrarase:

- O Samaín
- O Magosto
- A semana das bibliotecas escolares
- O día contra a violencia de xénero
- O Nadal
- O día da Paz e non Violencia
- O día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia
- O Entroido

- O día de Rosalía
- O día Internacional da muller traballadora
- O día da árbore e da poesía
- O día do libro
- Día das Letras Galegas

### **VOZ NATURA**

Participar nas propostas de actividades que xurdan o longo do ano. Ao longo deste curso a temática será: “Un espacio para preservar as nosas especies”.

Ademais, colaborárase nas actividades propostas polos distintos departamentos: Educación Física, Lingua estranxeira e Orientación, de ser o caso.

### **PROXECTO DE BIBLIOTECA**

Participaremos nas distintas actividades propostas dende o Equipo de Biblioteca en relación ao proxecto anual que se levará a cabo no centro: “Baio, unha ollada pola nosa Historia”. Así mesmo, a nivel de ciclo desenvolveranse actividades complementarias relacionadas co tema.

Seguiremos traballando nos temas traballados en cursos previos no centro:

A reciclaxe, a horta, a alimentación saudable, valores éticos e as emocións

#### 5.3.11. Avaliación

Consideramos a avaliación como unha actividade continua e sistemática, inserta no mesmo proceso de desenvolvemento do curso, que ten por obxecto proporcionar a máxima información para conseguir a mellora de dito proceso, reaxustando os seus obxectivos, revisando criticamente as variables concorrentes, e facilitando en suma a máxima axuda e orientación a todos os implicados.

Avaliarase o grao de funcionalidade das actividades, o grao de realización das mesmas, e a medida en que se conseguiron os obxectivos propostos. Máis concretamente, o grao de satisfacción con respecto a:

- Procedemento seguido para desenvolver o proposto.
- Claridade e funcionalidade das actividades e materiais.
- Utilidade e aplicabilidade das actividades e materiais
- O grao de participación do profesorado e a metodoloxía empregada, así como a avaliación da práctica docente.
- O grao de implicación das familias.

Avaliarase o alumnado a través dos seguintes instrumentos:

- Observación directa e sistemática.
- Valoración do traballo diario.
- Pequenas probas escritas ou orais.

Á hora de avaliar terase en conta os obxectivos propostos.

Ao remate de cada nivel e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora, segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nos ensinos de Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Se ben o peso principal da tarefa recaerá nos docentes, tentarase potenciar a implicación do Departamento de Orientación, sobre todo cando se trate de alumnos/as NEAE e, nos casos nos que sexa posible, tamén das familias.

#### 5.4. PROXECTO DO EQUIPO DOCENTE DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. (2º CICLO)

##### 5.4.1. Composición

Sinda Cundíns Caamaño. Titora de 3º de Educación Primaria.

Mª Jesús López Añón. Titora de 4º de Educación Primaria.

Marta Canto Souto especialista de Educación Física

Laura Mª Mosquera Villar especialista de Inglés

Belén Fernández Vázquez mestra de Audición e Linguaxe e Coordinadora de Ciclo

##### 5.4.2. Calendario de reunións

Reunión mensual: 2º martes de cada mes e extraordinarias cando sexa preciso e en función da organización doutros órganos docentes.

##### 5.4.3. Reunións e titorías cos pais e nais

Titorías (atención a pais): martes de **15:30 h. a 16:30 h.**

##### 5.4.4. Obxectivos de 3º e 4º de educación primaria para o curso

- a. Participar naquelas celebracións que o centro propón festexar. Festividades como: o Samaín, o Magosto, o Día contra a violencia de xénero, o Nadal, o día da Paz, o

- día de Rosalía, o Entroido, o Día Internacional da muller traballadora, o Día do Libro e da poesía e o día das Letras Galegas.
- b. Continuar co proceso de dotación de material didáctico novo tanto para os nenos/as como para os mestres/as do ciclo.
  - c. Aproveitar a acción titorial para fomentar actitudes vencelladas ao saber ser, ao saber estar e ao saber aprender. Isto implica desenvolver actitudes de cara a sociedade e a convivencia na aula e no centro, comezando pola convivencia nunha micro-sociedade como é unha escola, e de actitudes de cara o estudo, onde se porá énfase no desenvolvemento de técnicas de estudo como a memorización e a aprendizaxe significativa e funcional.
  - d. Participar no proxecto do Voz Natura e sumarnos a todas as propostas de mellora do medio ambiente. Este ano o proxecto de Voz Natura terá como tema **Un espazo para preservar as nosas especies**.
  - e. Participar no proxecto de centro: **Baio, unha ollada pola nosa Historia**.
  - f. Empregar as saídas didácticas pola contorna como medio de aprender a respectar, coidar e valorar a importancia do patrimonio cultural do entorno, contribuíndo á súa conservación e mellora.
  - g. Fomentar que cada unha das disciplinas contribúa ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarse como consecuencia do traballo en varias disciplinas.

#### 5.4.5. Metodoloxía didáctica

A partires do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA do 9 de setembro) faremos un traballo de mellora nos aspectos referidos a:

- Concibir o ensino-aprendizaxe como un espazo no que o alumno é o máximo protagonista do seu desenvolvemento.
- Respectar nese desenvolvemento as características particulares que definen a cada un dos nosos alumnos/as de xeito único.
- Ofrecer un ensino de calidade onde o mestre/a ten diversas funcións: de guía, de modelador, de supervisor, de asesor, de interventor entre obxectivos e procesos de consecución dos mesmos, de monitor, de informante e organizador dos grupos, entre outros moitos.
- Uso de materiais diversos e motivadores, así como diferentes tarefas que potencien o uso conxunto ou particular de cada uns dos aspectos das nosas áreas, ou do ámbito de competencias.



- Presentarlle aos alumnos/as e proporcionarlles diferentes instrumentos de avaliación no seu proceso de aprendizaxe.
- Coñecer sempre o punto de partida do noso alumnado e o momento evolutivo do mesmo. A aprendizaxe é un proceso activo de construción por parte do alumno/a do seu propio saber. O obxectivo vai ser suscitar, desenvolver e manter a motivación e a participación dos alumnado porque só os que queren aprender, van aprender.
- Organizar ás aulas con distintos agrupamentos (segundo nos permite o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para este curso académico nos centros de ensino), grupo-aula, pequeno grupo e individual para crear distintas formas e ambientes de traballo para desenvolver as diferentes actividades.

#### 5.4.6. Recursos: material didáctico e pedagóxico. Material escolar. Recursos humanos. Outros recursos.

Ademais do recurso humano do mestre/a titor/a ou especialistas, fonte de dinamización clara, actualizada e cotexada, o alumnado contará con outros servizos educativos de carácter individualizado cando as súas necesidades educativas (temporais ou permanentes) o requiran, ben por parte dos propios Mestres/as ordinarios ou especialistas de PT ou AL, así como a asesoría da Xefa do Departamento de Orientación e as medidas oportunas que se estimen tomar.

Ademais dos libros de texto, as aulas contan con proxectores e pizarras dixitais para potenciar o traballo coas tecnoloxías aplicadas ao eido educativo. Tamén o traballo por proxectos, o uso da Internet, das salas de audiovisuais abren un novo campo que debemos explorar cos nosos alumnos/as e aproveitar as súas posibilidades ao máximo de xeito organizado e responsable.

Concibírase en resumo, que a ensinanza do neno/a abrangue moito máis cun libro de texto e que o mestre/a está sempre por riba como profesional de tomar decisións respecto do uso completo ou incompleto do mesmo, xa que o apartado de recursos está para iso, para explorar máis alá do texto, aínda que non obviamos a súa importancia.

#### 5.4.7. Programación de actividades e tarefas

O P.A.T. de cada aula estará en mans de cada mestre/a e terá sempre unha duración quincenal, sendo este susceptible de cambios na medida que traballamos con seres humanos e as súas circunstancias vitais e distintas personalidades.

Entendemos que é un documento importante, pero asemade cambiante na medida que a realidade da aula no lo obriga a cambiar, en función do día a día e que se adaptarán as actividades e ao tempo de realización ás necesidades do alumnado.

#### 5.4.8. As TICs (Informática)

Cada mestre/a titor/a contará cunha hora semanal acordada en Claustro asignada na aula de informática e, trala elaboración progresiva do proxecto de TICs que se fará no centro, cada mestre/a, dende a función titorial que a todos nos compete, á marxe de seren titores ou non, porémolo en marcha, xa que é a sociedade da información na que os nosos alumnos/as viven e vivirán e debemos ensinalos a traballar coas tecnoloxías e a información que nelas se manexan.

#### 5.4.9. O proxecto lector: actividades de comprensión, fomento da lectura e escritura

O segundo ciclo comprométese a sumarse de xeito activo ás actividades propostas no proxecto lector e por ende, á biblioteca e ao noso PLAMBE de mellora. Como dixemos en apartados anteriores, levaremos a cabo unha rutina diaria de 30 minutos de tempo de lectura por pracer. Lectura e escritura están unidos, e será cada mestre/a titor/a ou especialista o que filtre actividades, do centro ou propias de aula, para xuntar ditas dúas destrezas orais ou escritas.

Sen embargo, non esqueceremos que a máxima do proxecto lector é facer dos nosos alumnos/as bos lectores, dándolle dende pequenos e de xeito espontáneo estratexias que lles axuden a ter a capacidade de analizar o texto en xeral (o libro) e en particular (cada verba ou capítulo), pero ante todo, gozar do pracer de ter un bo libro na man e viaxar con el e medrar nas súas verbas.

#### 5.4.10. Actividades extraescolares e complementarias

Participaremos no proxecto de Voz Natura e sumarémonos a tódalas propostas de mellora do medio ambiente.

Participaremos en intercambios culturais con outros Centros Educativos.

Asemade participaremos no Proxecto "Baio, unha ollada pola nosa Historia", con unha actividade vencellada a cada mes e conducido por "Labarta Pose.

Empregaremos as saídas didácticas pola contorna como medio de aprender a respectar, coidar e valorar a importancia do patrimonio cultural do seu entorno, contribuíndo á súa conservación e mellora.

Cada disciplina, e mestre/a instructor da mesma, será responsable de plasmar de forma pormenorizada, a través do seu Plan de Actividades e Tarefas ou o seu Plan de Acción Titorial, as actividades que desenvolven en cada momento do curso e as competencias básicas dos alumnos/as.

Participaremos asemade naquelas celebracións que o centro decida festexar. Festividades como: o Samaín, o Magosto, o Día contra a violencia de xénero, o Nadal, o día da Paz, o día de Rosalía, o Entroido, o Día Internacional da muller traballadora, o Día do Libro e da poesía e o día das Letras Galegas.

Quedan incluídas no noso apartado (e polo tanto na nosa acción profesional docente, aínda que non as citemos) todas aquelas actividades de carácter extraescolar ou complementario que sexan citadas e posteriormente aprobadas na presente PXA, no Claustro de Mestres/as e no Consello escolar e que sexan ámbito de competencia do equipo docente.

Asemade, quedarán incluídas todas aquelas festividades de conexión cultural vencelladas ao complemento do proceso de ensino-aprendizaxe e que nos competen para poder conseguir os obxectivos do currículo establecido polo DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; e que se plantexan nas programacións de aula de cada mestre titor ou especialista.

Finalmente, súmanse aquelas actividades que xurdan no transcurso do curso e que sexan de real interese pedagóxico ou outras pactadas con país/nais ou alumnos/as a través de sesións titoriais (inclusive con autorizacións se fixera falta) e que teñan relación pedagóxica co noso ámbito, sempre e cando sexan dentro do colexio ou ben pola contorna. Para outras, sostémonos ás aprobacións pertinentes do Claustro e do Consello Escolar.

#### 5.4.11. Avaliación

Non entendemos a avaliación como un proceso final no proceso de ensino- aprendizaxe dos nosos alumnos/as ou da nosa mesma como axentes educadores. Os integrantes de 3º e 4º conciben distintos momentos de levar a cabo tipos de avaliación que se axustan aos momentos de aprendizaxe do neno/a:

A avaliación vai servir para as seguintes funcións:

- De diagnóstico: durante o desenvolvemento do currículo.
- De prognóstico: vai permitir detectar e prever as dificultades de aprendizaxe.
- De adaptación: dos métodos e recursos didácticos aos diferentes ritmos de aprendizaxes dos alumnos/as.
- De orientación: para o traballo.
- De control: dos obxectivos conseguidos.

A **avaliación continua** está formada por:

- A **avaliación inicial**: vaise realizar ao principio de cada unha das fases de aprendizaxe.
- A **avaliación formativa**: realízase durante todo o curso escolar e vai permitir tomar decisións para mellorar a programación, avaliar a utilidade das unidades didácticas, avaliación dos contidos a través das rúbricas, dos recursos, dos instrumentos de avaliación,... Vai dar indicacións dos alumnos/as e do seu proceso de aprendizaxe pero tamén do mestre/a e a súa maneira de dar clase.
- A **avaliación final**: vaise realizar ao final da aprendizaxe. A súa finalidade vai ser verificar a eficacia do proceso de ensino-aprendizaxe.

É fundamental que como mestres/as, ademais de avaliar a aprendizaxe do alumnado, se valore os procedementos de ensino e a práctica pedagóxica en relación á consecución dos obxectivos, para iso reunirse o equipo de profesores/as unha vez ao trimestre. É dicir, débese realizar unha autoavaliación.

Os instrumentos de avaliación serán diferentes na medida que cada un avalía, non só diferentes competencias senón que cada momento do curso esixe un cambio de metodoloxía avaliativa. Os alumnos/as sempre serán coñecedores destes instrumentos e dos criterios de avaliación máis alá do eido meramente cuantitativo.

O mestre/a será capaz de ensamblar as tres formas de avaliación para analizar a aprendizaxe do seu alumnado e a súa propia labor docente, como individuo que aprende tamén na súa parcela profesional, sendo a avaliación un mecanismo de investigación e de mellora.

## 5.5. PROXECTO DO EQUIPO DOCENTE DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 5.5.1. Composición

- M<sup>a</sup> Cristina García Seoane, titora do 5º nivel
- Noelia Bértoa Rodríguez, titora do 6º nivel
- Eva Janeiro Couceiro, mestra PT
- Xaquín Rama Mato, mestre de Relixión

### 5.5.2. Calendario de reunións

Reunión mensual: Os martes de cada mes de 16:30 h. a 17:30 h. e extraordinarias cando sexa preciso e en función da organización doutros órganos docentes e das súas reunións.

### 5.5.3. Reunións e titorías cos pais e nais

Titorías (atención a pais): **martes de 15:30 h. A 16:30 h.** previa petición dos pais tanto titoras como especialistas. Asemade, e de xeito excepcional, os mestres que así o vexamos axeitado, poderemos pactar outros horarios de conveniencia con pais / titores.

### 5.5.4. Obxectivos do terceiro ciclo

- a. Facer ao alumnado axente activo na mellora da saúde da comunidade educativa (alimentación sa, medidas de protección, medidas hixiénicas...)
- b. Traballar o aspecto emocional do alumnado.
- c. Colaborar no proxecto de reorganización, actualización e dinamización da biblioteca escolar.
- d. Fomentar o hábito lector a través de actividades motivadoras para o noso alumnado, establecendo rutinas de tempos diarios de lectura colectiva silenciosa grupal por lecer na sesión diaria de 12:30 a 12:50 h. (Hora de ler)
- e. Fomentar e propoñer ideas que promovan o uso da lectura no noso ciclo e levar as mesmas a outros órganos de coordinación para compartilas, melloralas...
- f. Colaborar no desenvolvemento efectivo das propias actividades propostas polos Equipos de Normalización e de Actividades Extraescolares.
- g. Participar naquelas celebracións que o centro propoña festexar.
- h. Continuar co proceso de dotación de material didáctico novo tanto para os nenos como para os mestres dos dous niveis.
- i. Aproveitar a Acción titorial para fomentar actitudes vencelladas ao saber ser, ao saber estar e ao saber aprender. Isto implica o desenvolvemento de actitudes de cara a sociedade e a convivencia na mesma, comezando pola convivencia nunha micro-sociedade como é unha escola, e de actitudes de cara o estudo, onde se porá énfase no desenvolvemento de técnicas de estudo como a memorización e a aprendizaxe significativa e funcional.
- j. Traballar aqueles prerrequisitos básicos funcionais que lles permitan aos alumnos/as en xeral e en especial aqueles con necesidades específicas de apoio educativo vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- k. Traballar aqueles prerrequisitos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- l. Dinamizar a integración dos alumnos/as, en especial aqueles con necesidades específicas de apoio educativo nas distintas actividades que se realizan no centro ao longo do curso escolar.

- m. Informar ás familias de todas as cuestións relevantes en canto aos procesos de ensino -aprendizaxe do seu fillo ou filla e fomentar actitudes participativas nas familias dos alumnos/as en especial de aqueles con necesidades específicas de apoio educativo.
- n. Continuar no proxecto de Voz Natura, este curso co tema: "Un espazo para preservar as nosas especies" e sumarmos a todos as propostas de mellora do medio ambiente coma na participación no programa de reciclaxe. O proxecto de centro será "Baio, unha ollada pola nosa Historia" para conmemorar o 50 aniversario do centro
- o. Fomentar no alumnado a capacidade de escoita e reflexión e o respecto ás opinións alleas a través do desenvolvemento de pautas dialóxicas de comportamento e habilidades sociais.
- p. Favorecer o espírito crítico ante informacións e opinións que reciben da vida diaria de múltiples fontes de información.
- q. Traballar co alumnado o autoconcepto e a autoestima de cara a preparación de toma de decisións persoais como paso previo ao cambio de etapa educativa e contribuír ao desenvolvemento da madurez emocional dos alumnos/as en xeral e en especial aqueles con necesidades específicas de apoio educativo.
- r. Seguir traballando o Proxecto Abalar e E-dixital de xeito que cumpramos cos obxectivos do proxecto asumido adecuando a nosa metodoloxía a este novo recurso a dispor, instruindo a mestres e alumnos no uso adecuado das ferramentas informáticas como mecanismo de mellora do proceso do ensino-aprendizaxe.
- s. Fomentar a asistencia das familias as reunións convocadas e fomentar todos aqueles canles de comunicación e cooperación escola-familia introducindo neste eido a canle establecida dende ABALAR.
- t. Preparar o tránsito á Educación Secundaria. Disporase, se fose posible, da colaboración do Departamento de Orientación do IES Maximino Romero de Lema.
- u. Continuar coa sección bilingüe no curso de 6º, na área de plástica.

#### 5.5.5. Metodoloxía de traballo

Realizaremos un traballo de continuación e mellora nos aspectos referidos a:

- Concibir o ensino - aprendizaxe como un espazo no que o/a alumno/a é o máximo protagonista do seu desenvolvemento.

- Respeitar nese desenvolvemento as características holísticas que definen a cada un do noso alumnado de xeito único.
- Ofrecer un ensino de calidade onde o mestre ten diversas funcións: de guía, de supervisor, de asesor, de interventor entre obxectivos e procesos de consecución dos mesmos, de monitor, de informante e organizador dos grupos, entre outros moitos.
- A nosa visión basearase na Taxonomía de Bloom. Isto é, os nosos alumnos formarán pensamento coa aprendizaxe a través do uso da información nesta secuencia: coñecemento, comprensión, aplicación, análise, conclusión e avaliación.
- Uso de materiais diversos e motivadores así como diferentes tarefas que permitan potenciar o uso conxunto ou particular de cada uns dos aspectos das nosas áreas, ou do ámbito de competencias.
- Presentarlle aos alumnos un plan temporalizado das cuestións que se esperan acadar deles (mostrarlles os aspectos a avaliar), proporcionándolles diferentes instrumentos de avaliación que forman parte dun proceso incluído dentro da súa propia aprendizaxe, e non como parte dunha tarefa final.
- Averiguar sempre o punto de partida do noso alumnado e o momento evolutivo do mesmo.
- Organizar nas aulas distintas formacións disposicionais e grupais para crear distintas formas de traballo. .

#### **PRINCIPIOS XERAIS E CENTRADOS NAS NEAE:**

- Favorecedora da aprendizaxe significativa, é dicir, que parta dos intereses e coñecementos previos dos alumnos/as. Neste punto terá moita importancia a avaliación inicial.

A actividade didáctica estará encamiñada á construción de aprendizaxes significativos que permitan ao/á alumno/a, coa axuda do/da profesor/a, establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.

- Orientada cara a práctica: o alumno/a debe dispor de oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que poda comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Activa: é importante que a base metodolóxica do proceso de ensino- aprendizaxe descansa sobre o "aprender a aprender" do propio alumno/a, sobre a clase activa.

Procurárase desenvolver no/a alumno/a habilidades e estratexias de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe para adquirir pouco a pouco a súa autonomía.

- Que favoreza a interdisciplinabilidade: é importante que o alumno/a aprenda a relacionar entre si os coñecementos que adquire en cada materia, de tal forma que aprenda a establecer conexións entre os distintos aspectos dunha mesma realidade e a aplicar adecuadamente os coñecementos adquiridos nas áreas instrumentais ao conxunto das ciencias.
- Que atenda á diversidade do alumnado: tendo en conta que as NEA.E. abranguen unha grande heteroxeneidade, e que é preciso adaptarse ao máximo as características do noso alumnado. Procurando, na medida do posible adaptarse aos distintos ritmos e xeitos de aprendizaxe.
- Aprendizaxes sen erro: utilizarase, na medida do posible, un modelo de aprendizaxe sen erro, de forma que se organice a tarefa de aprendizaxe poñendo o énfase no éxito, moito máis motivador para os ACNEAE..
- A intervención levarase a cabo nun ambiente lúdico: o ambiente lúdico e de espontaneidade é moi motivador para que os/as nenos/as mostren interese na execución das tarefas.
- Establecerase unha relación de colaboración e de coordinación cos mestres de cada un dos casos, tanto no que se refire a intercambios de información e observacións sobre o alumnado como a acordos acerca das actividades que se van traballar.

#### 5.5.6. Recursos: Material didáctico e pedagóxico. Material escolar. Recursos humanos. Outros recursos.

Ademais do recurso humanizador e humanizante que é o mestre titor ou o especialista, fonte de información clara, actualizada e cotexada, o alumnado contará con outros servizos educativos de carácter individualizado cando as súas necesidades educativas (temporais ou permanentes) o requiran, ben por parte dos propios mestres ordinarios ou especialistas de PT ou AL, así como a asesoría do Xefe do Departamento de Orientación e as medidas que se estimen oportunas tomar.

Ademais dos libros de texto, que nunca serán o eixe de noso traballo, xs alumnxs contan con proxectores, pantallas dixitais e netbooks nas aulas para potenciar o traballos coas Tecnoloxías aplicadas ao eido educativo. Os alumnos de 5º e 6º de Primaria contan con libros dixitais do programa E-dixgal.

Tamén o traballo por proxectos, o uso da Internet, das salas de audiovisuais abren un novo campo que debemos explorar cos nosos alumnos e aproveitar as súas posibilidades ao máximo de xeito organizado e responsable. Ademais utilizarase o laboratorio do centro .



Concebirase en resumo, que a ensinanza do alumnado abrangue moito máis cun libro de texto e que o mestre estea sempre por riba como profesional de tomar decisións respecto do uso completo ou incompleto do mesmo, xa que o apartado de recursos está para iso, para explorar máis alá do texto, aínda que non obviamos a súa importancia.

#### 5.5.7. Programación de actividades e tarefas

A programación de cada aula estará en mans de cada mestre e terá sempre unha duración semanal, sendo este susceptible de cambios na medida que traballamos con seres humanos e as súas circunstancias vitais e distintas personalidades.

Entendemos que é un documento importante pero asemade cambiante na medida que a realidade da aula nolo obriga a cambiar en función do día a día e o que a reflexión post activa nos mande.

#### 5.5.8. As TICs (Informática)

O noso centro pertence ao proxecto E-dixgal. Todos os obxectivos respecto da aula de informática e da competencia tecnolóxica, traspásanse á aula titorial, e a metodoloxía de aula acoplarase de xeito significativo ao uso do canón, de PDIs e diferentes tipos de software para os mestres e os alumnos facendo destes cidadáns da “era das comunicacións” que hai que aprender a manexar.

#### 5.5.9. O proxecto lector

Dentro do proxecto lector desenvolveremos como cada curso unha serie de propostas que fomenten non só a lectura e o hábito lector, senón que promovan un interés polo amplo mundo da literatura, todos os xéneros, formatos literarios e actividades transversais en torno ao proxecto d centro, sendo a nosa biblioteca inclusiva o centro neuráxico de toda esta rede. Como dixemos en apartados anteriores, levaremos a cabo unha rutina de crear tempos de lectura por pracer. Lectura e escritura están vencellados, e serán os mestres dende distintas áreas curriculares quen filtre actividades do centro ou propias de aula para aunar ditas destrezas. Sen embargo, non esqueceremos que a máxima do proxecto lector é facer dos nosos alumnos bos lectores por pracer, dándolle dende pequenos e de xeito espontáneo incentivando o desenvolvemento de iniciativas que melloren as ferramentas das que dispoñen para acoller o mundo da lectura como un obxectivo didáctico, incidindo en estratexias que lles axuden a ter a capacidade de analizar o texto en xeral (o libro) e en particular (cada verba ou capítulo), pero ante todo, gozar do pracer de ter un bo libro na man e viaxar con el e medrar nas súas verbas.

Finalmente, elaboraremos un itinerario lector para 5º e 6º de libros axeitados á súa idade xa que a súa lectura nos parece fundamental.

### 5.5.10. Actividades. Saídas complementarias e extraescolares

Participaremos no proxecto do Voz Natura: “**Un espazo para preservar as nosas especies** ” e no proxecto de centro “**Baio, unha ollada pola nosa Historia**” e sumarémonos a todas as propostas de mellora do medio ambiente.

Participaremos asemade naquelas celebracións que o centro plantexe festexar.

- A realización da excursión fin de Primaria.
- As saídas culturais realizaranse pola contorna ou fora dela.

### 5.5.11. Avaliación

A avaliación non a entenderemos como un proceso final no proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos ou da nosa mesma como axentes educadores. Os integrantes do terceiro ciclo conciben distintos momentos de levar a cabo tipos de avaliación que se axustan aos momentos de aprendizaxe do neno/a:

- A **avaliación diagnóstica ou inicial**: farase ante todo a comezos de curso para marcar o momento evolutivo do neno e a competencia curricular (asociada ás 8 competencias do mesmo). Asemade tamén se fará no inicio de cada unidade didáctica para explorar os coñecementos previos do alumnado. Teranse en conta os contidos non tratados durante o curso pasado.

Avaliarase tamén a súa situación emocional co fin de tomar as decisións precisas.

- A **avaliación formativa**: que é a que cada un fará durante o proceso de adquisición dos obxectivos que plantexa ou que se lle plantexan. Ela é a que nos permite rectificar no camiño a través da retroalimentación. Esta non ten carácter calificativo senón de apreciación
- A **avaliación sumativa ou final**: que fai referencia a que un non aprende por parcelas, senón que aprende sendo capaz de fiar todos os coñecementos de carácter interdisciplinar para que sexa funcional na vida. Cando hai funcionalidade e polo tanto aplicación do aprendido, podemos dicir que un dos procesos de ensino aprendizaxe logrouse de xeito satisfactorio.

O mestre será capaz de ensamblar as tres na avaliación do seu alumnado e na súa propia como individuo que aprende tamén na súa parcela

profesional, sendo a avaliación un mecanismo de investigación e de mellora profesional.

Ó final realizarase unha avaliación final que permitirá comprobar o grao de consecución dos obxectivos previstos. Neste proceso de avaliación deberán terse en conta as aportacións feitas por cada un dos profesionais que interveñen co alumnado en cuestión.

Con respecto á avaliación da programación propiamente dita, avaliaranse os seguintes aspectos:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Adecuación da Programación e flexibilidade.
- Adecuación das actividades: inapropiadas, mal temporalizadas, falta de recursos, etc.
- Adecuación dos programas.
- Adecuación da coordinación e grao de implicación dos profesionais implicados.
- Adecuación da coordinación e grado de implicación das familias.

Finalmente, da análise de todos estes aspectos recolleranse os resultados nunha memoria fin de curso.

## 5.6. PROXECTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### 5.6.1. Composición do E.D.L.G.

- José Manuel Trillo Leis, mestre titor de 1º nivel de Educación Primaria e coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Sinda Cundíns Caamaño, directora e mestra titora de 3º de Educación Primaria
- Marcos Luís López Maceiras, mestre titor do 6º nivel de Educación Infantil.
- Noelia Bértoa Rodríguez, mestra titora de 6º nivel de Educación Primaria.
- Mª Jesús López Añón, mestra titora de 4º nivel de Educación Primaria.
  
- Marta Canto Souto, mestra especialista en Educación Física.
- Belén Fernández Vázquez, mestra especialista en Audición e Linguaxe.
- Natalia Álvarez Cuadrado, mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Nerea Pastoriza Amado, mestra apoio Educación Infantil.

### 5.6.2. Reunións

As reunións ordinarias do equipo de dinamización da lingua galega celebraranse o primeiro martes de cada mes, en horario de 16:30 a 17:30, e faranse tantas reunións extraordinarias como sexan necesarias.

### 5.6.3. Xustificación

O actual Equipo de Dinamización da Lingua propón como obxectivo principal abordar un proxecto que teña unha valoración positiva e un emprego cotiá e normalizado da lingua galega, sempre co ánimo de implicar a toda a Comunidade Educativa.

A filosofía da que parte é que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega deberá estar constituído pola totalidade do Claustro aínda que se represente nuns compoñentes concretos, xa que a vontade normalizadora do profesorado na súa totalidade resulta imprescindible para acadar o obxectivo da dinamización da lingua.

### 5.6.4. Estratexias globais a seguir

No equipo están representados todos os cursos do centro, desta maneira propíciase unha bidireccionalidade, E.D.L.G. ↔ cursos, nas iniciativas u/ou propostas de calquera deles.

O E.D.L.G. estará representado na Comisión de Coordinación Pedagóxica por medio do seu coordinador. A través desta representación o E.D.L.G. propondrá o plan xeral para o uso do idioma así como o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega nos proxectos curriculares.

Por outra banda, o E.D.L.G. elaborará un plan anual de actividades e colaborará na súa realización.

#### **EN RELACIÓN COA EDUCACIÓN INFANTIL DESTACAR:**

O artigo 5 do Decreto 79/2010, establece que na etapa de Educación Infantil:

- O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, se ben deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa e ciclo.
- A lingua materna predominante será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará ós pais, nais, e titores ou representantes legais do alumno antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/filla.
- Atenderase de maneira individualizada ó alumnado tendo en conta a súa lingua materna.
- Cada centro educativo deberá constar no seu proxecto lingüístico das actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

#### **EN CANTO Á EDUCACIÓN PRIMARIA DESTACAR:**

O artigo 6 do Decreto 79/2010 establece que na etapa de Educación Primaria:

- Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
- Impartiranse en galego as materias de ciencias naturais e ciencias sociais, e en castelán a materia de matemáticas.
- Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV, sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

#### 5.6.5. Obxectivos

##### **OBXECTIVOS DE CENTRO**

- a. Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia da comunidade, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en diversos contextos.
- b. En xeral, potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara o uso da lingua galega.
- c. Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d. Fomentar o respecto e recoñecemento das outras linguas oficiais.
- e. Recoñecer as linguas como unha riqueza cultural e un patrimonio histórico que é necesario conservar.

##### **OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO**

- f. Conseguir que o alumnado, ao remate da etapa de educación primaria, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.
- g. Conseguir a paulatina familiarización dunha lingua estranxeira e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para o alumnado.

##### **OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO**

- h. Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega. Incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

- i. Impulsar o hábito lector nas distintas linguas do currículo oficial e desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- j. Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.
- k. Promover a creación literaria a partires das fontes da inspiración popular.
- l. Fomentar a interrelación das diferentes linguas utilizadas polo noso alumnado.

#### 5.6.6. Metodoloxía

A metodoloxía establecida polo equipo de dinamización da lingua galega para a adquisición dos obxectivos propostos estará baseada na promoción do desenvolvemento das diferentes actividades a través da nosa lingua, o galego. En todas estas actividades terase en conta que prevaleza a tradición galega e o idioma galego en todos os ámbitos é dicir, dende a expresión oral, escrita e outras manifestacións culturais.

As actividades que se plantexan pretenderán crear procesos de aprendizaxe significativos, onde toda ou a maior parte da comunidade educativa participe activamente

#### 5.6.7. Plan anual de actividades

- Elaboración do Proxecto de Fomento do Galego e solicitude das axudas que dende a Consellería se ofrecen a este fin.
- Organización das actividades relacionadas coa Semana das Letras Galegas.
- Organización do XV Certame Literario Labarta Pose, no que haberá varias modalidades de participación.
- Organización de actividades online relacionadas co autor homenaxeado.
- Organización do festexo do Samaín e Magosto:
  - A biblioteca será decorada de forma terrorífica e faranse diversas actividades nela.
  - Coa colaboración das familias realizaremos manualidades con espigas de millo.
  - Degustación de castañas
- Organización da celebración do Entroido:
  - Elaboración dos disfraces que se determinen relacionados coa temática do PDI, "Baio, unha ollada pola nosa Historia", ademais dunha comparsa polas rúas de Baio en colaboración coa ANPA do centro e o Concello.

- Seguindo a tradición galega, na nosa escola tamén teremos a nosa Meca particular, que dará os seus mandatos durante a semana de festexo do Entroido, procurarase elaboralo con materiais reciclados.
- Realización do calendario do ano 2024.
- Colaboración en distintas actividades co equipo de Tics.
  - Creación, actualización e mantemento da páxina web do centro e dos blogs de aula e o blog de normalización. Mantemento do blogue Agueiro.
- Colaboración co equipo de dinamización da biblioteca nas diferentes actividades que se van a levar a cabo no centro:
  - Desenvolvemento en común do proxecto anual do centro co tema elixido.
    - Ampliación do fondo bibliográfico en galego.
    - Asistencia ao centro de contacontos, escritores, artesáns...
- Realización impresa da revista escolar "Faíscas" do curso 23/24.
- Participación nos diferentes concursos que fomenten o uso do idioma galego e/ou da cultura galega dependendo das ofertas que aparezan ao longo do curso.
- Celebración do día de internet con elaboración de material relacionado co proxecto anual do centro.
- Participación en Voz Natura "Un espazo para protexer as nosas especies".
- Continuar co acondicionamento do patio pintando e engadindo xogos tradicionais e decorar a caseta coa caricatura de Labarta Pose e un mural na fachada principal do edificio de infantil.
- Organizar e realizar co alumnado "O roteiro Labarta Pose" relacionado co PDI: "Baio, unha ollada pola nosa Historia".
- Organizar a visita dalgún membro da comunidade educativa vinculada ao 50 aniversario do colexio.
- Continuaremos fomentado a reciclaxe como en cursos anteriores.
- Participación nas actividades promovidas polo Concello de Zas e realización de todas aquelas actividades axeitadas que xurdan o longo do curso.
- Realización dunha cápsula do tempo para abrir en décadas vindeiras.
- Realizaremos saídas relacionadas co 50 aniversario do noso centro.

### 5.6.8. Temporalización

A realización das actividades relacionadas coas distintas conmemoracións ven determinada polo calendario oficial:

- 1º Trimestre: Samaín e Magosto.
- 2º Trimestre: Entroido.
- 3º Trimestre: Semana das Letras Galegas.

O resto das actividades distribuiranse ao longo do curso.

## 5.7. PROXECTO DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### 5.7.1. Composición do equipo

- Eva Janeiro Couceiro, mestra especialista de Pedagogía Terapéutica e coordinadora do Equipo de Actividades Complementaria se Extraescolares.
- Sandra Anido Santiago, mestra titora de 2º de Educación Primaria.
- Leticia Gómez Navaza, mestra titora de 4º de Educación Infantil.
- María del Carmen Moreira Lavandeira, mestra titora de 5º de E.Infantil.
- Mª Cristina García Seoane, mestra titora de 5º de Educación Primaria.
- Yolanda Martínez Cores, mestra especialista en Educación Musical.
- Laura Mª Mosquera Villar, mestra especialista en Lingua Estranxeira.
- Xaquín Rama Mato, mestre especialista en Relixión.
- Sheila Rodríguez Trigo, xefa do departamento de orientación.

### 5.7.2. Hora e lugar de reunión

Acordouse que as reunións terán lugar na sala de mestres os segundos martes de **cada mes de 16:30 a 17:30**. Isto pode sufrir algunha variación debido a organización do centro.

### 5.7.3. Obxectivos

- a. Organizar os obxectivos propostos por este equipo para o curso 2023/2024 e reflectilo así na PXA.
- b. Organizar as celebracións do Magosto e Samaín, a semana das bibliotecas escolares, o Día contra a violencia de xénero, o festival de Nadal, Día da Paz, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, o Entroido, Día de Rosalía, Día Internacional da Muller traballadora, Día da árbore e da poesía, Día do Libro e o



Día das Letras Galegas. Para estas celebracións, este equipo achegará propostas e información para levalas a cabo e asesorar aos titores/ as, no caso de que lles resulte de interese. O plan anual para as actividades é a seguinte:

- a. Setembro: presentación da PDI do centro "Baio, unha ollada pola nosa historia".
  - b. Outubro: recollida de información e de materiais para a exposición da PDI, contactar con asociacións de interese e co motivo do Samagosto farase unha exposición con espiga, farase unha esfolla de xeito tradicional, xogos populares, fotos de cada neno e decoralo con elementos do outono e conto de medo por ciclos.
  - c. Novembro: regueifas, exposición da historia do centro na aula multidisciplinar, no 25 N traballarase co conto "Eu vou conmigo" e "Eu son".
  - d. Decembro: farase a Feira de Nadal convidando a un regueifeiro, haberá un obradoiro de cestería, de liño e a decoración do evento realizarase de xeito tradicional. Outra proposta será unha panxoliña de Natal tradicional para cantar todos os curo, ao igual que a aportación de comida polo alumnado de 6º para a recollida de cartos para a excursión de final de curso.
  - e. Xaneiro: farase unha actividade polo día da paz e falarase coas asociacións da zona para entrevistalos sobre como foi a creación de cada unha delas e a relación entre todas elas cunha mesa redonda.
  - f. Febreiro: o entroido será sobre as décadas musicais, facendo honra a historia do pobo. Tamén se fará honra ao Día de Rosalía de Castro.
  - g. Marzo: haberá actividades para o día do 8 M.
  - h. Abril: celébrase o día do Libro e o día da poesía con actividades que congreguen esta festividade e que animen aos cativos a lectura.
  - i. Maio: traballarase en conxunto co EDLG para facer honra ao Día das Letras Galegas que é o 17 de Maio.
  - j. Xuño: farase unha "Carballeiriña" tradicional como a que se realizaba en Baio.
- c. Coordinarse co Equipo de Dinamización da Lingua Galega para a organización das efemérides.
  - d. Informar aos titores/as e colaborar con eles na realización de actividades extraescolares dentro e fóra do centro.

- e. Continuar coa reorganización da biblioteca escolar. Dentro do plan de Mellora de Bibliotecas Escolares teremos un tema xeral para todo o centro. A temática elixida para este curso académico é o 50 aniversario do centro, e terá o seguinte nome **“Baio, unha ollada pola nosa historia”**.
- f. Participar nas actividades que xurdan ao longo do curso e que o Claustro decida realizar.
- g. Facer recomendacións sobre posibles actividades extraescolares que poidan ser de interese para o profesorado e o alumnado.
- h. Colaborar nas propostas no proxecto de **Voz Natura “Un espazo para preservar as nosas especies”**.

## 5.8. PROXECTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Ver ANEXO I: Plan Anual de Orientación Educativa

## 5.9. PROXECTO DO DEPARTAMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA

### 5.9.1. Composición

- Bértoa Rodríguez, Noelia
- Mosquera Villar, Laura María

### 5.9.2. Reunións e titorías cos pais e nais

As titorías coas familias serán os **martes** en horario de **15:30 a 16:30**, previa cita escrita dos pais e resposta da mestra. As reunións dos diferentes equipos dentro do centro terán lugar os martes de 16:30 a 17:30.

### 5.9.3. Obxectivos

Ao abeiro do decreto 150/2022 establécense os seguintes obxectivos de área:

1. comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexia e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.
2. Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a comprensión para expresar mensaxes breves relaiconados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.
3. Interatutar con outras persoas usando expresións, cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades

inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas norma de cortesía.

4. Medar en situacións predecibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.

5. Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entres distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.

6. Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.

Sen perxuízo destes obxectivos propostos na programación tamén consideramos de especial importancia os seguintes obxectivos:

1. Empregar as distintas linguaxes como instrumentos de comunicación, de representación, de aprendizaxe, de gozo e de expresión de ideas e sentimentos.

2. Fomentar o gusto pola lectura a través das actividades realizadas na aula.

3. Amosar unha atitude positiva cara a aprendizaxe de linguas.

4. Acadar certo desenvolvemento nas catro destrezas ( listening, speaking, writing e reading)

5. Colaborar no desenvolvemento das actividades propostas polos diversos equipos do centro.

6. Continuar co proceso de dotación de material didáctico, mellora e adecuación da aula de lingua estranxeira.

### Metodoloxía de traballo

A metodoloxía baséase principalmente en tres correntes: o enfoque comunicativo, a perspectiva CLIL e a aprendizaxe centrada na figura do/a alumno/a.

O obxectivo principal consiste en favorecer que o alumnado sexa quen de adquirir a competencia comunicativa en lingua inglesa. As actividades comunicativas céntranse máis no contido das mensaxes que na forma das mesmas. Por iso, as actividades serán contextualizadas, é dicir, estarán relacionadas coa contorna e intereses do alumnado resultando significativas para cada grupo.

Ademais, debemos ter presente que traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante xa que o alumnado pasa a ser claramente o centro do

proceso de aprendizaxe adoitando un rol moi activo, mentres que o docente encárgase de guiar e monitorizar o devandito proceso coa finalidade de enriquecelo.

En concreto, na área de lingua estranxeira precisamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a base da materia. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para poder desenvolver a competencia comunicativa en lingua inglesa. Para desenvolver a competencia comunicativa do alumando partiremos da súa competencia inicial na lingua estranxeiras. Traballaremos a competencia comunicativa a través de xogos, actividades lúdicas, comunicativas, multiniveladas... Sempre respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e anticipándonos as dificultades que poida presentar o alumnado. Traballemos con distintos tipos de agrupamento: grupo-clase, parella, pequeno grupo...

Unha parte fundamental da ensinanza dunha lingua estranxeira é a multiculturalidade. Traballaremos con vídeos, fragmentos de películas... para achegar ao alumnado a outras realidades, para que poidan poñer en valor tanto as diferencias como as similitudes.

#### 5.9.4. Recursos: material didáctico de pedagóxico. Material escolar. Recursos humanos. Outros recursos

No referente aos recursos, é preciso empregar un amplo rango de materiais para adaptar a ensinanza aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos. Polo tanto, empregaranse materiais variados, innovadores, estimuladores, flexibles e heteroxéneos, para responder ás diversas necesidades educativas dos estudantes.

Ente outro tipo de materiais, empregaremos xogos de tarxetas, recursos TIC, material facilitado polas editoriais, cancións, material creado polo profesorado, libros, xogos de mesa...

#### 5.9.5. Programación de actividades e tarefas

Como xa se mencionou anteriormente, a área de inglés organizarase dun xeito similar aos proxectos, collendo diversas temáticas a desenvolver para cada ciclo de educación primaria. Dentro de cada proxecto incluírase sempre vocabulario e estruturas lingüísticas relacionadas coa temática escollida, así coma diversos aspectos culturais, algúns dos cales se conmemorarán de xeito común en todos os grupos (Halloween ou o Nadal).

Desenvolveranse todas as destrezas e faranse actividades variadas (xogos, visualización de vídeos, contos, cancións, rimas populares, cortos de animación, dramatizacións...)

#### 5.9.6. TICs

Actualmente as TICs son un recurso indispensable na ensinanza de linguas estranxeiras. Gracias a elas podemos acceder a materiais reais. Ademais, son un elemento moi

motivador para o alumnado. No cursos superiores (5º e 6º) participamos no proxecto Edixgal polo que non contamos con libros. As actividades realízanse en liña.

#### 5.9.7. Proxecto lector: actividades de comprensión, fomento da lectura e escritura.

O centro atópase envolto en diversos proxectos, entre os que destacan: o proxecto Abalar, Edixgal de libros dixitais, o PlanB para a biblioteca ou Voz Natura que conta cunha horta no recinto escolar. Desde a área de linguas estranxeiras contribuiremos en todo o posible con ditos proxectos, promovendo actividades nas que os contidos de ambas actividades se mesturen. Ademais a escola conta cun proxecto lector e un plan de convivencia. Na clase de inglés adicaremos tempo á lectura, dentro dos 20 minutos diarios asignados, sen prexuízo de facelo noutros momentos, e faremos fincapé tamén nas indicacións propostas no plan de convivencia, que no comezo do curso será principalmente recordar que é preciso empregar boas maneiras para dirixirnos aos demais. A maiores de todo isto, tamén participaremos nas actividades complementarias e extraescolares con todo o que poidamos, intentando relacionar ditas actividades coa lingua inglesa.

#### 5.9.8. Actividades

Participaremos no proxecto do Voz Natura e sumarémonos a tódalas propostas de mellora do medio ambiente.

Participaremos asemade naquelas celebracións que o centro formule festexar. Soen ser festividades mínimas de celebración o Samaín, o Nadal, o día da Paz, o Entroido e o día das letras Galegas, 25n, 8M...

Festividades vencelladas á cultura anglosaxona e/ou internacionais e viables para seren traballadas a través de proxectos son: 31 de outubro (Halloween), 5 de novembro (Guy Fawkes), decembro (Christmas), 30 de xaneiro (día escolar internacional da non violencia), 17 de marzo (Saint Patrick, Irish celebration), , etc.

Tamén se levará a cabo calquera outra actividade de calidade vencellada á lingua inglesa que sexa atopada pola mestra e apoiada polos órganos competentes.

#### 5.9.9. Avaliación

Nesta etapa o mellor xeito de avaliar os progresos do alumnado é mediante a observación diaria dos progresos persoais de cada estudante, baseándonos en diversos aspectos: a atención, a participación, o comportamento, o grao de desenvolvemento das destrezas, a realización das tarefas... Outros instrumentos de avaliación que poderán ser empregados ao longo do curso son: a análise das tarefas, os proxectos, tests de avaliación, autoavaliación (de considerable importancia, segundo se recolle no Portfolio Europeo dasLinguas).

Resumindo, os criterios de cualificación que se terán en conta á hora de avaliar ao alumnado serán os seguintes: nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita (avaliado mediante a observación directa na aula ou a través de probas específicas), participación activa nas diversas actividades propostas na aula (xogos, intervencións...), actitude correcta e respectuosa cos compañeiros e coa mestra, realización das tarefas asignadas puntualmente e de xeito satisfactorio, e interese pola materia e por mellorar a súa competencia na mesma.

#### 5.9.10. Sección Bilingüe

O principal obxectivo da sección bilingüe é proporcionarlle ó alumnado un meirande contacto coa lingua inglesa a través dunha materia que lles resulta atractiva e que non supón un cambio demasiado drástico para o centro nin para as familias.

Dentro de dita materia impartida en lingua inglesa, podemos resaltar coma obxectivo primordial ampliar os coñecementos do alumnado nas diversas manifestacións artísticas, dende as máis clásicas ata outras máis novidosas e abranguendo tantos formatos ou técnicas diferentes coma poidamos dentro do limitado número de sesións. Asemade, tamén se pretende que os nenos experimenten e expriman ó máximo a súa creatividade.

A metodoloxía non será moi diferente da que xa se emprega nas sesións de lingua inglesa, é dicir, seguirá a mesma liña pedagóxica, consistente en proporcionar unhas nocións básicas a partir das cales serán os propios alumnos os que experimentarán e as porán en práctica.

Empregarase como lingua vehicular o inglés, se ben, puntualmente será preciso recorrer á lingua materna do alumnado para aclarar dúbidas.

No referente ós recursos a empregar, aproveitaremos todo o material artístico dispoñible no centro (pinturas, láminas, pinceis...) Faremos uso tamén de moitos recursos dixitais, xa que dispoñemos dunha aula abalar.

Contribuiremos tamén ó proxecto lector do centro, dedicando o tempo estipulado á lectura dentro da nosa sesión. Ocasionalmente poderemos dedicalo a ler textos específicos sobre arte, axeitados ó nivel do alumnado.

No que respecta ás actividades a realizar, colaboraremos nas celebracións principais (Samaín, Nadal...) elaborando manualidades ou proxectos que se poidan relacionar con ditas temáticas. A maiores, e sempre e cando sexa posible, intentaremos aproveitar algunha saída programada na titoría para facer algunha actividade relacionada coa arte (visitar algún museo ou exposición, realizar algún taller...)

Finalmente, en relación ó tema da avaliación consistirá na observación diaria, o análise de tarefas... Terase en conta a participación, o grao de desenvolvemento das tarefas, o comportamento...

## 5.10. PROXECTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

### 5.10.1. Composición

- Canto Souto, Marta

### 5.10.2. Reunións e titorías con nais e pais

Titorías (atención a pais): **Martes de 15.30 a 16.30**, previa petición dos pais e nais.

### 5.10.3. Obxectivos

Ao abeiro da normativa vixente terase en conta o Decreto 155/2022 .

Abordaremos a motricidade nun sentido moi amplo: non so traballamos aspectos de imaxe e percepción corporal, habilidades e destrezas senón a promoción e asunción de hábitos activos e saudables, resolución de problemas motores e a interacción entre iguais a través dos roles e do xogo.

Sen prexuízo dos obxectivos propostos na nosa programación consideramos importantes e necesarios:

- a. Desfrutar coa actividade física.
- b. Promocionar hábitos saudables no que se refire a hixiene postural e corporal...
- c. Educar na utilización construtiva do ocio.
- d. Educar para a mellora das relacións interpersoais a través da actividade física.
- e. Fomentar actitudes tolerantes e cooperativas a través do xogo.
- f. Desfrutar xogando con independencia do resultado.
- g. Asunción de normas de clase e regras do xogo.
- h. Dar a coñecer na medida do posible as posibilidades deportivas e lúdicas da zona, mediante clases tipo, achegamento aos clubs... de ser posible.
- i. Participar e colaborar nas propostas doutros equipos ou proxectos que garden relación coa área.
- j. Mellorar a dotación do centro en canto a material deportivo se refire.
- k. Recubrir de material acolchado as zonas con risco de impacto (comezamos xa na sala de usos múltiples)
- l. Pintar a pista verde cunha pintura que non sexa tan abrasiva.
- m. Participar en Proxecta.

#### 5.10.4. Metodoloxía

Consideramos que o enfoque metodolóxico da Educación Física ten un carácter fundamentalmente lúdico.

Tendo en conta as características propias de cada idade, e os contidos traballados en cada un deles, empregaremos na medida do posible estilos que favorezan a socialización, cooperación e compañeirismo..

O decreto155/2022 considera que debe de tratarse de metodoloxías activas non directivas (descubrimento guiado, resolución de problemas, libre exploración...), que respecten os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

#### 5.10.5. Recursos. Materiais. Instalacións.

##### **INSTALACIÓNS**

Pistas do centro (baloncesto, fútbol e multipista) ,patio cuberto, aula de usos múltiples e aulas de cada grupo.

Empregaremos o pavillón municipal que se atopa fóra do recinto escolar.

##### **RECURSOS E MATERIAIS**

Ademais do material propio de Educación Física que pretendemos actualizar cada curso, dende esta área fomentaremos, na medida do posible o desenvolvemento de tódalas competencias.

A educación Física ao ser unha área básicamente procedimental permite ás tecnoloxías da información e comunicación un amplo uso.

Por iso, como un recurso máis nesta área empregaremos a aula de Informática, con conexión á internet así como as dúas Aulas E-Dixgal de 5º e 6º Empregaremos o repositorio de contidos Abalar e a plataforma EVA nestes dous cursos e o blog Agueiro.

Durante este curso e sabedores que a metodoloxía ou modos de ensino pode cambiar empregaremos como unha canle de comunicación á Aula Virtual do centro, onde colgaremos recursos e as tarefas que precisemos.

#### 5.10.6. Avaliación

Para que esta sexa completa ten que respostar a que, como e cando avaliar:

##### **QUE AVALIAR**

Avalíamos ao alumno/a, ao mestre e ao propio proceso.



- Alumno/a: avaliámoslle o grao de desenvolvemento das competencias e o grao de consecución dos obxectivos. Para esta avaliación teremos como referente os criterios de avaliación propostos na programación tendo en conta os mínimos esixíbeis e tamén as rúbricas propostas.
- Mestre. A avaliación suporá unha reflexión ao mestre sobre seu enfoque educativo, práctico e crítico.
- Proceso de e-a. Tamén se avaliarán a secuenciación e coherencia de obxectivos, contidos, organización, recursos, actividades , así como a propia avaliación.

Para a avaliación do mestre e do proceso empregaremos o rexistro anecdótico, que se encontra dentro do PAT.

### COMO AVALIAR

Para avaliar ao alumno/a empregaremos como procedementos a observación directa, nos rexistros anecdóticos e nos diarios e cando a información está máis estruturada observación indirecta empregaremos listas de control, escalas de observación, tests...ou probas teóricas. O aspecto actitudinal será avaliado mediante rúbricas.

### CANDO AVALIAR

Partiremos sempre dunha **avaliación inicial** realizada sempre a principios de curso, ou antes dunha unidade didáctica se necesitamos información previa, sempre a través da observación directa ou información recollida nun cuestionario.

**Avaliación formativa**, con ela procuramos informar ao alumno do seu progreso na mellora das capacidades adquiridas.

**Avaliación sumativa**, ten lugar ao finalizar o proceso de ensinanza- aprendizaxe e ten como finalidade determinar o grao de desenvolvemento das competencias e grao de consecución e obxectivos.

#### 5.10.7. As TIC (Informática)

No apartado de recursos recóllese a contribución desta área á COMPETENCIA DIXITAL.

### 5.10.8. O proxecto lector

Dedicaremos 20 minutos a lectura diaria, posibilitando que estas se relacionen coa área: contos motores, prensa deportiva... Aínda que co primeiro ciclo tamén empregaremos estes 20 minutos para a relaxación.

### 5.10.9. Actividades

Para desenvolver o currículo pretendemos participar nas seguintes actividades:

- Colaboración no PDI do centro.
- Colaboración cos equipos de EDNL e EAEC nas actividades propostas.
- Coñecer as actividades e clubs da zona.
- Participación en Xogade, en competicións intercentros.
- Participación en Proxecta

### 5.10.10. PAT

Farase de xeito semanal sendo susceptible de cambios debido aos continuas adaptacións aos alumnos que se fan sobre as programacións.

## 5.11. EDUCACIÓN PLÁSTICA E MUSICAL

### 5.11.1. Educación artística: música

Composición: Martínez Cores, Yolanda

En este curso académico 2023-2024 abordaremos a educación musical coa incorporación de 2º,4º e 6º de primaria á LOMLOE e daremos continuación coa mesma lei aos restantes cursos incluído ed. Infantil. Segundo a vixente lei, a estrutura do currículo da área de Música e Danza, desenvolverase a partir dos obxectivos da etapa e dos descritores que conforman o perfil de saída do alumnado, establecéndose cinco obxectivos da área, que podemos definir como aquelas aprendizaxes competenciais ás que esta contribúe de forma máis directa, xa que posúen unha maior afinidade ou relación con ela. O grao de adquisición destes obxectivos determínase a través dos criterios de avaliación que aparecen directamente vinculados a eles e que inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, as destrezas e as actitudes necesarias para a súa consecución por parte do alumnado.

Levarase a cabo nunha dobre dimensión: reflexiva e creativa a través de 4 bloques de contidos:

- **Bloque 1.** Educación musical: percepción e análise
- **Bloque 2.** Educación musical: creación e interpretación

- **Bloque 3.** Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise
- **Bloque 4.** Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación

Para alcanzalos teremos presente todo tipo de actividades de discriminación auditiva, escoita activa, audicións comparadas, análise de pezas e obras de diferentes estilos e xéneros, exercicios e actividades relacionadas coa interpretación instrumental (PAI, PAD e outros instrumentos escolares), ritmogramas, pictogramas musicais e musicogramas para adquirir destrezas e capacidades relacionadas coa percusión corporal e a linguaxe musical, dinámicas corporais individuais que inclúan danzas populares de diferentes estilos, baile moderno, xogos musicais, coreografías e a exploración das posibilidades do corpo e do movemento a través de pezas musicais tanto clásicas como do panorama da música actual.

Ademais, teremos en conta a consecución conxunta e transversal das competencias clave para a consecución axeitada de aprendizaxes significativos así como a celebración das diferentes efemérides para adaptar as propostas as temáticas en conxunto coas outras materias.

As propostas favorecerán a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria. O alumnado explorará, tal e como establece o currículo, as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

A metodoloxía responde ao como levar a cabo o noso *modus operandi* na aula-clase para acadar os obxectivos específicos de cada nivel en ambos currículos.

As estratexias metodolóxicas a ter en conta darán resposta a forma de dar voz á sensibilidade musical; éstas tratan de crear centros de interese interdependentes e interrelacionados entre os bloques de contidos coa finalidade de asegurar a formación íntegra de todos os aspectos da personalidade discente. Este facer musical contribuirá de maneira motivadora e activa á realización persoal individual e colectiva incluíndo as diferentes intelixencias ritmicamente coas esferas cognitiva, psicomotriz e socioafectiva.

Para elo, é imprescindible ter presente os seguintes principios metodolóxicos de carácter activo e non intelectualivo:

O valor educativo procurando a formación integral do alumnado; a universalidade da música; os principios de liberdade, creatividade e progresión (non dando prioridade aos resultados senón ao proceso de creación e participación, adaptándose os seus intereses e capacidades específicas e facendo un acompañamento onde se fomente a expresión e

exploración propia);o carácter activo e lúdico, isto é, unha metodoloxía baseada na experimentación e participación; a globalidade coas demais áreas artísticas favorecerá o deseño de actividades abertas con carácter interdisciplinar.

Para elo, exerceremos a nosa figura docente como un axente mediador e comunicador que fomente unha comunicación efectiva cos nosos alumnos e alumnas. Isto será indicativo de unha maior autoconfianza no proceso e, polo tanto, unha motivación e actitude positiva.

Ademais, promoveremos estratexias metodolóxicas que fomenten actitudes que inspiren e faciliten a creatividade, a autonomía, a resolución de conflitos, a intelixencia emocional e xeración de espazos nos que a competencia de aprender a aprender garantan un proceso de ensinanza-aprendizaxe de calidade.

Os recursos humanos e materiais cos que contamos inclúen o apoio do material TIC. Os recursos e materiais que se empregarán no desenvolvemento das unidades didácticas son dos seguintes tipos: **material audiovisual** (reproductor, vídeos, actividades interactivas, proxector...), **material informático**\_(portátiles, impresora, escáner) , material de refugallo e **material impreso** (fichas, ilustracións, documentos, libros de consulta..). Tamén dispoñemos do recuncho da “biblioteca musical” onde o alumando ten acceso a libros de autores e contos relacionados coa materia que se usarán na hora de lectura e un “mural musical” onde exporemos ao longo do curso os diferentes traballos ou aportacións do alumando nesta especialidade. Finalmente, poderemos facer uso da biblioteca do centro (consulta de información ou traballos de investigación) e con unha aula de informática e un laboratorio.

O alumnado contará con outros servizos educativos de carácter individualizado cando as súas necesidades educativas (temporais ou permanentes) o requiran, ben por parte dos propios mestres ordinarios ou especialistas de PT ou AL, así como a asesoría do Xefe do Departamento de Orientación.

### Avaliación

A avaliación será entendida como un medio e nunca como un fin, no que debe estar presente a os diferentes aspectos da personalidade do alumnado e a continua revisión do proceso coa finalidade de reorganizar, reestructurar e optimizar os diferentes apartados da programación.

Entendemos a avaliación como un proceso permanente en **tres momentos**:

- **Avaliación inicial:** elaborando o diagnóstico da situación de cada alumno e alumna ao inicio do curso. Este será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo na programación de aula, así como para adopción das medidas de apoio, reforzo e recuperación que sexan precisas

para o noso alumnado.

- **Avaliación continua ou procesual:** será de carácter formativo e realizarase ao longo das diferentes unidades didácticas cos diferentes instrumentos de avaliación.
- **Avaliación final:** realizarase unha valoración individualizada e persoal relativa aos progresos adquiridos en relación co diagnóstico feito na avaliación inicial e a avaliación continua.

Por último, non debemos esquecer a nosa autoavaliación na tarefa docente dun xeito rutinario co fin de mellorar, adaptar e cambiar as nosas estratexias pedagóxicas do día a día así como a de facer un exercicio de análise e reflexión da nosa rutina profesional.

Para que a nosa avaliación sexa equitativa, xusta e axeitada teremos en conta diferentes factores e unha utilización heteroxénea de **instrumentos e procedementos:**

Os procedementos dan resposta a forma de avaliar mediante os seguintes mecanismos:

- Observación sistemática
- Intercambios orais
- Traballo individual nos cadernos de música
- Participación activa
- Probas específicas orais ou escritas

Os instrumentos de avaliación son as ferramentas específicas que empregaremos para medir cuantitativa e cualitativamente o grao de consecución dos obxectivos. Estes son:

- A observación directa e sistemática.
- A valoración do traballo e participación diaria nos anecdotarios.
- Escalas de estimación
- O traballo individual mediante fichas, materiais ou probas específicas
- Probas orais

Os **criterios de avaliación** que teremos en conta son os seguintes:

Aspectos	%	Observacións
Lectura, escritura e Linguaxe musical	0,3 %	Inclúen actividades de audición e discriminación auditiva, lectura e interpretación melódica e rítmica así como exercicios específicos dos cadernos de traballo individuais.

Participación, interese e esforzo individual	0,2%	Valorarase tanto a execución de cada tarefa proposta, como a súa adecuación e corrección da mesma. Terase en conta a constancia e a calidade dos traballos realizados.
Interpretación musical	0,3 %	Integra a práctica instrumental a través da percusión corporal, polirritmia con pequenos instrumentos convencionais ou non convencionais que poidan usarse de maneira individual así como producións dramáticas que traballen a corporalidade, a psicomotricidade, a coordinación e o movemento.
Actitude	0,2%	Terase en conta a participación activa e intervencións, a receptividade, as aportacións, a curiosidade, o interese e o gusto polas actividades musicais así como o respecto polas producións dos compañeiros/as e as normas de convivencia.

A cualificación será numérica de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta a superación dos criterios de avaliación de cada unidade, e fundamentarase na consecución das competencias clave, dos obxectivos e contidos programados. As cualificacións cuantitativas e cualitativas veñen marcadas pola lexislación vixente:

- Cualificación negativa: 0 – 4 Insuficiente
- Cualificación positiva: 5 (Suficiente) / 6 (Ben) / 7- 8 (Notable) 9 – 10 (Sobresaliente)

Intrinsecamente ás actividades propias da aula participarase, na medida do posible, nas celebracións propostas polo centro. Estas son: o Samaín, o Magosto, o 25N, o Nadal, o Día da Paz, o Entroido e o Día das Letras Galegas.

Dedicaranse 20 minutos cada día, propoñendo actividades que sexan regulares, planificadas e continuadas, sempre relacionadas coa materia:

- Lectura de contos para a introducción de cancións infantís e xuvenís.
- Contos musicais.
- Utilización de audiolibros para presentar a familia de instrumentos, xéneros musicais, etc.
- Introducción á vida dos compositores a través da lectura comprensiva.
- Memorización de retahílas, cancións populares e modernas, trabalinguas, e prosodias rítmicas.
- O noso centro pertence ao proxecto ABALAR. A metodoloxía de aula incidirá no apoio das PDIs, actividades interactivas e diferentes tipos de software, aplicacións

ou webs 2.0.

- Actividades en rede (JClic, Java, flash..)
- Uso do encerado dixital.
- APPs didácticas interactivas
- Realización de actividades propias da aula en soporte informático mediante material audiovisual en rede.
- Aula Virtual

### 5.11.2. Educación artística: plástica

Composición: Martínez Cores, Yolanda

Titorías (atención a pais): martes de 15:30 h. a 16:30 h. previa petición dos pais

Ao longo deste curso 2023-2024 abordaremos a materia a través dos bloques de contidos plasmados en diferentes propostas e actividades didácticas que desenvolvan os seguintes obxectivos establecidos no *Decreto 105/2014, do 4 de Setembro, que establece o currículo para Educación Primaria en Galicia*.

Para alcanzalos teremos presente os seguintes bloques nos cursos de 2ª e 4ª de Educación Primaria:

- 1. Educación audiovisual
- 2. Expresión artística
- 3. Debuxo xeométrico.

Ademais teremos en conta a consecución conxunta e transversal das competencias clave para a consecución axeitada de aprendizaxes significativas.

Os obxectivos xerais deste curso serán:

- Indagar, observar e explorar as posibilidades artísticas dos elementos naturais, artificiais e artísticos e o tratamento de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes e técnicas (debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións...
- Mostrar curiosidade e interese e observar as manifestacións culturais e artísticas do contexto así como dos instrumentos de traballo e os espazos.
- Valorar a limpeza, a orde e a presentación a hora de realizar un traballo
- Seleccionar e usar de xeito responsable os materiais, instrumentos, espazos e técnicas segundo o fin para o que se previron.
- Respetar e valorar o traballo individual das creacións plásticas propias e alleas, respectando cada contribución.

Según o establecido na LOMLOE, desenvolveremos estes aprendizaxes básicos, tal é como establece o *currículo da área de Educación Plástica e Visual*, a partir dos **obxectivos da etapa** e dos descritores que conforman o perfil de saída do alumnado establecendo así, **catro obxectivos da área**, que podemos definir como aquelas **aprendizaxes competenciais** ás que esta área contribúe de forma máis directa, xa que posúen unha maior afinidade ou relación con ela. O grao de adquisición destes obxectivos determínase a través dos **criterios de avaliación** que aparecen directamente vinculados a eles e que inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, coas destrezas e coas actitudes necesarias para a súa consecución por parte do alumnado.

Ademais, tal é como establece o currículo, estes criterios de avaliación estarán relacionados cos contidos, que se organizan en **catro bloques** fundamentais:

- 1. Educación plástica e visual: percepción e análise
- 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación
- 3. Educación audiovisual: percepción e análise
- 4. Educación audiovisual: creación e interpretación.

Cada un destes catro bloques teñen características propias, aínda que todos están relacionados entre si. No primeiro e no terceiro, inclúense todos aqueles aspectos vencellados ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes relacionados co recoñecemento, recepción e observación sensitiva e visual, que permiten unha aproximación ás diferentes manifestacións culturais e artísticas da contorna para analizala e comprendela.

O segundo e o cuarto bloques fan referencia á expresión creativa de ideas, sentimentos e sensacións mediante a exploración, o coñecemento, a execución e a utilización creativa de diferentes códigos, elementos, ferramentas, instrumentos, materiais, medios, recursos, soportes, programas, aplicacións e técnicas culturais e artísticas.

A metodoloxía responde ao como levar a cabo o noso *modus operandi* na aula-clase para acadar os obxectivos específicos de cada nivel.

As estratexias metodolóxicas a ter en conta darán resposta a forma de dar voz á sensibilidade artística e así contribuír de maneira motivadora e activa á realización persoal individual das esferas cognitiva, psicomotriz e socioafectiva.

Para elo, é imprescindible ter presente os seguintes principios metodolóxicos de carácter activo e non intelectual:

- A actividade, a observación e a experimentación (tódolos contidos adquirense mediante a praxe: cortar, pegar colorear,...)
- A creatividade (posto que as actividades propostas supoñen unha estimulación do



pensamento, tal é o caso dos traballos plásticos)

- A socialización (os traballos e exercicios en grupo pretenden fortalecer as relacións entre os nenos/as)
- A globalización (dende un enfoque interdisciplinar, coas restantes áreas: matemáticas, ciencias naturais, música ...)

Para elo, exerceremos a nosa figura docente como un axente mediador e comunicador que fomente unha comunicación efectiva cos nosos alumnos e alumnas. Isto será indicativo de unha maior autoconfianza no proceso e, polo tanto, unha motivación e actitude positiva.

Ademais, promoveremos estratexias metodolóxicas que fomenten actitudes que inspiren e faciliten a creatividade, a autonomía, a resolución de conflitos, a intelixencia emocional e xeración de espazos nos que a competencia de aprender a aprender garantan un proceso de ensinanza-aprendizaxe de calidade.

Neste curso académico faremos as actividades da área artística na nova aula de Plástica do centro educativo onde contamos con un espazo adaptado ao eido artístico e con todo o material de todo tipo e un banco de recursos para a correcta elaboración dos proxectos didácticos e actividades tanto individuais como colectivas vencelladas a diferentes técnicas e correntes e manifestacións artísticas desde unha perspectiva de xénero, fomentando a igualdade e a diversidade.

Ademais, a nivel de recursos humanos o alumnado contará con outros servizos educativos de carácter individualizado, como apoio e de carácter complementario, abarcando así tanto a atención á diversidade como ás cando as súas necesidades educativas de carácter específico cando así sexa preciso, ben por parte dos propios mestres ordinarios ou especialistas de PT e AL, así como a asesoría do Xefe do Departamento de Orientación.

### Avaliación

A avaliación será entendida como un medio e non como un fin, no que deben estar presentes os diferentes aspectos da personalidade do alumnado e a continua revisión do proceso coa finalidade de reorganizar, reestructurar e optimizar os diferentes apartados da programación.

Entendemos a avaliación como un proceso permanente entres momentos:

- **Avaliación inicial:** elaborando o diagnóstico da situación de cada alumno e alumna ao inicio do curso. Este será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo na programación de aula, así como para adopción das medidas de apoio, reforzo e recuperación que sexan precisas para o noso alumnado.

- **Avaliación continua ou procesual:** será de carácter formativo e realizarase ao longo das diferentes unidades didácticas cos diferentes instrumentos de avaliación.
- **Avaliación final:** realizarase unha valoración individualizada e persoal relativa aos progresos adquiridos en relación co diagnóstico feito na avaliación inicial e a avaliación continua.

Por último, non debemos esquecer a nosa autoavaliación na tarefa docente co fin de mellorar na nosa labor co fin de facer un exercicio de análise e reflexión da nosa rutina profesional.

Para que a nosa avaliación sexa equitativa, xusta e axeitada teremos en conta diferentes factores e unha utilización heteroxénea de instrumentos e procedementos:

Os procedementos dan resposta a forma de avaliar mediante os seguintes mecanismos:

- Observación sistemática
- Intercambios orais ou escritos
- Traballo individual nos blogues, cadernos ou nos materiais que se presenten
- Participación activa nos proxectos de aula a nivel individual e colectivo

Os **instrumentos de avaliación** son as ferramentas específicas que empregaremos para medir cuantitativa e cualitativamente o grao de consecución dos obxectivos. Éstes son:

- A observación directa e sistemática
- Rúbricas de competencias
- Escalas de estimación
- O caderno de traballo de plástica

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta a superación dos criterios de avaliación de cada unidade, e fundamentarase na consecución das competencias clave e dos obxectivos marcados.

As cualificacións cuantitativas e cualitativas veñen marcadas pola lexislación vixente:

- Cualificación negativa: 0 – 4 Insuficiente
- Cualificación positiva: 5 Suficiente, 6 Ben, 7- 8 Notable, 9 – 10 Sobresaliente

Os contidos traballaranse ao longo do curso de maneira progresiva aumentando o nivel de dificultade a nivel artístico e técnico.

Logo dunha avaliación inicial práctica ao principio de curso, a maiores das actividades rutinarias prestaremos atención ás diferentes efemérides como Samaín, Día de Violencia de Xénero, Nadal, Paz, Entroido e Letras galegas.. Ao final de curso teremos tamén un tempo para o repaso xeral e así afianzar contidos que se traballaron ao longo do curso.

Dedicaranse 20 minutos cada día, propoñendo actividades que sexan regulares, planificadas e continuadas, relacionadas coa materia a través do coñecemento da vida e obra de diferentes pintores e pintoras, e artistas referentes de outros ámbitos así como técnicas e formas de creación que enriquezan e complementen o entendemento e a integración deses contidos específicos de cada bloque.

Finalmente, o noso centro pertence ao proxecto ABALAR. A metodoloxía de aula incidirá no apoio das PDIs presentación de vídeos explicativos e orientativos que favorezan a integración dos conceptos así como o uso de plataformas dixitais que faciliten o uso de programas ou actividades flash e así investigar outras fórmulas e códigos a través de propostas interactivas. O uso da aula virtual tamén será outra ferramenta a ter en conta.

## 6. TEMPORALIZACIÓN

### 6.1. HORARIOS DE PROFESORADO

Ver Anexo IV

### 6.2. QUENDAS DE RECREO

En función do alumnado do centro e ao abeiro da orde do 22/07/97 establécense quendas de vixilancia no recreo. No patio de infantil haberá dous profesores por día e no patio de primaria outros dous. Tamén haberá un mestre todos os días na biblioteca ( os luns para 1º e 2º de primaria, martes para 3º, mércores para 4º, xoves para 5º e venres para 6º). Infantil irá á biblioteca co seu titor/a.

### 6.3. TAREFAS EXTRAESCOLARES

O decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle que os centros educativos deben establecer unhas pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria.

O claustro de profesores do CEIP Labarta Pose, considera que as tarefas extraescolares, de habelas deben cumprir unha serie de requisitos:

- Favorecer o desenvolvemento das competencias clave.
- Axudar a alcanzar un ritmo de aprendizaxe axeitado a cada idade.

- Non prexudicar á vida familiar do alumnado e respectar os seus tempos de lecer.
- Facilitar a participación das familias na aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Fomentar a autonomía e responsabilidade do alumnado.
- Crear un hábito de estudo.
- Axudar á consecución dos obxectivos propostos.
- A cantidade de tarefas debe ser acorde á idade do alumnado.

A biblioteca do colexio abrirá os luns, mércores, xoves e venres en horario de 15:30 a 17:30 para o alumnado de primaria.

#### 6.4. DATAS AVALIACIÓNS

Momentos	El e EP
1º Avaliación	19 de decembro
2º Avaliación	19 de marzo
3º Avaliación	13 de xuño

#### 6.5. DÍAS NON LECTIVOS

O Consello Escolar, mediante proposta do Claustro de profesores, decidiu por unanimidade solicitar como días non lectivos os seguintes:

- 13 de outubro
- 20 de maio

#### 6.6. HORARIO DO EQUIPO DIRECTIVO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º. 9.30- 10.20	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA
2º. 10.20- 11.10					
3º. 11.10- 12.00	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA DIRECCIÓN	XEFATURA

RECREO					
4º. 12.30- 13.40					DIRECCIÓN
5º. 13.40- 14.30	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN

## 7. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

### 7.1. COMEDOR ESCOLAR

#### 7.1.1. Base Lexislativa

- Orde do 21 de febreiro do 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 132/2013 do 1 de agosto polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes non universitarios.
- Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-24.

#### 7.1.2. Obxectivos

Os obxectivos que se pretenden gardan relación co feito de que o servizo do comedor é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de cumprir coa función básica dunha correcta alimentación tamén ten unha función social.

- a. Aprender a importancia de incluír na dieta todos os alimentos para o crecemento e bo funcionamento do organismo.
- b. Adquirir autonomía durante a comida empregando as normas de corrección na mesa: hixiene postural, emprego dos cubertos, comer coa boca pechada...
- c. Desenvolver o interese pola inxesta de todo tipo de alimentos, recoñecendo o carácter cultural e social da diversidade alimenticia.
- d. Fomentar a cooperación e responsabilidade implicando ao alumnado en tarefas de reparto da comida, así como coidar o mobiliario e os elementos da vaixela.

- e. Crear un ambiente sen berros, con actitudes de respecto e tolerancia, empregando un ton axeitado nas conversas, así como un bo trato cos compañeiros, compañeiras e persoal docente e non docente.
- f. Coñecer os dereitos e obrigas dos usuarios e usuarias do comedor recollidos no regulamento de réxime interno do Centro.
- g. Por en práctica hábitos relacionados coa hixiene: lavar as mans.

### 7.1.3. Protocolo de funcionamento do comedor

O comedor do CEIP Labarta Pose presta os seus servizos na modalidade de xestión directa polo propio centro, a través de persoal funcionario e de persoal laboral. Na atención educativa, apoio e vixilancia do servizo do comedor cóntase con persoal non docente, concretamente cinco nais e una profesora.

O servizo do comedor comezará o 11 de setembro e rematará o 21 de xuño. O alumnado usuario comerá nunha soa quenda, de 14:30 a 15:30 horas no horario de xornada única (9:30 a 14:30).

#### 1. Usuarios

Neste curso matriculáronse un total de 117 alumnos e alumnas, 6 nais colaboradoras, 2 persoal cociña, encargada de comedor e directora. En total 127 comensais.

O menú será único para todos os comensais, agás o alumnado alérxico, con intolerancia alimentaria, que padezan calquera enfermidade ou trastorno somático que requira unha alimentación específica.

#### 2. Relación de colaboradores do servizo de comedor

Directora: Sinda Cundíns Caamaño

Encargada do comedor: Sandra Espasandín Vázquez

As nais colaboradoras acudirán 1 hora antes para xantar. Utilizarán luvas, gorro e mandilón. Controlarán a entrada dos usuarios, que ocuparán o sitio asignado a principios de curso. Será fixo, podendo cambiar a criterio da encargada de comedor/directora.

Todo o alumnado deberá ir ao baño, para a súa hixiene, antes de ir ao comedor. Durante a comida non se poderá ir, agás urxencias ou imprevistos, que deberán ser avaliados polas coidadoras.

Haberá silencio ao inicio da comida e entre plato e plato.

Todas as persoas que colaboren no comedor escolar deberán velar porque o alumnado use as normas de cortesía (por favor, grazas...), utilicen os cubertos e os panos axeitadamente e teñan unha actitude e comportamento correcto na mesa.

As nais colaboradoras deberán poñer en coñecemento dos mestres/encargada ou dirección todas aquelas faltas que observen, pero non deberán dar información dos usuarios. Será a directora quen informe as familias de calquera conflito que aconteza.

Rematada a comida, o alumnado será acompañado polas nais colaboradoras ata o autobús, ata o portal de entrada ou ás actividades extraescolares ata que o acompañante de autobús, as familias ou monitores se fagan cargo deles.

Neste curso contamos coa colaboración das seguintes nais:

Vanesa Camafreita Busto

Sandra Pérez Blanco

Martina Domínguez Feal

Cristina Suárez Blanco

Junquera Rodríguez

Xaquín Rama Mato

#### **Suplentes:**

Ludmila Belousova

Macarena Lago Ruíz

As persoas elixidas como colaboradoras poderán ser relevadas polo Consello Escolar cando, a xuízo deste órgano, perdan a idoneidade requirida para o efecto.

### 3. Control da convivencia:

Dereitos dos usuarios e usuarias:

- Recibir unha alimentación sa e equilibrada.
- Adquirir hábitos alimenticios: aprender a comer de todo.
- Ser respectadas as súas excepcións alimentarias por razón médicas.
- Adquirir hábitos sociais.
- Recibir un bo trato e ser axudado cando sexa necesario no período do comedor.

Obrigas dos usuarios e usuarias:

- Respetar e axudar aos demais comensais, así como a todos os usuarios/as do comedor: persoal e colaboradores.
- Colaborar coas colaboradoras nas actividades que se propoñan.

- Respetar as instalacións, materiais e utensilios para comer.
- Tratar adecuadamente os alimentos.
- Respetar as pautas de funcionamento do comedor.

#### 4. Faltas e sancións:

##### **Faltas leves:**

- Desobedecer levemente as indicacións do persoal de cociña e comedor.
- Entrar ou saír do comedor desordenadamente.
- Entrar no comedor con obxectos non permitidos.
- Cambiarse de sitio na mesa.
- Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios.
- Permanecer mal sentados ou columpiarse na cadeira.
- Facer ruído, gritar ou falar con alumnos/as doutras mesas.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, integridade ou á saúde das persoas.

##### **Sancións:**

- Amoestación verbal ao alumno/a. En caso de reiteración, comunicación por escrito aos pais/nais.
- Separación temporal do grupo de referencia
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

##### **Faltas graves:**

- Acumulación de tres faltas leves.
- A falta de hixiene.
- Desobedecer gravemente as indicacións do persoal de cociña e comedor.
- Levantarse de sitio sen causa xustificada.
- Saír do comedor sen permiso do responsable.
- Entrar na cociña.
- Deteriorar por mal uso o material propio do comedor.
- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros/as.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, integridade ou á



saúde das persoas.

**Sancións:**

- Calquera das contempladas para as faltas leves.
- Amoestación por escrito ao alumno/a. Comunicación aos pais/nais.
- Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa.
- Comer illado dos compañeiros/as (ata 5 días).

Estas sancións poderán ser impostas polo Equipo Directivo do Centro e serán comunicadas aos pais/nais.

**Faltas moi graves:**

- Acumulación de 3 faltas graves.
- Saír do centro sen permiso durante o horario do comedor.
- Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, integridade, ou a saúde das persoas.

**Sancións:**

- Calquera das contempladas para as faltas graves.
- Expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes).
- Expulsión definitiva do comedor.

Esta última sanción poderá ser imposta pola Comisión do Comedor do Consello Escolar do Centro, previa audiencia aos pais/nais.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús e desinfectar todo o recinto, as mesas e as cadeiras dos usuarios. Varrerán e fregarán a cociña e o comedor todos os días.

O menú será único para todos os comensais agás no caso de alerxias, intolerancias ou enfermidades que deberán ser xustificadas achegando informe médico. Como norma, os usuarios deberán probar todos os alimentos.

Os menús e outras informacións relativas ao comedor serán colgadas na páxina web do colexio. Ademais a cada neno usuario de comedor daráselle o menú de cada mes e estará a vista de todos na porta do comedor.

## 7.2. TRANSPORTE ESCOLAR

Dos 162 alumnos e alumnas matriculados no Centro, son usuarios do transporte escolar 66, que son transportados por 3 autobuses, en tres itinerarios diferentes, realizados pola empresa Autos Facal.

Todos os itinerarios teñen un acompañante.

O servizo de transporte funciona en horario de mañá e despois do comedor escolar.

Por outra banda, e en aplicación da Orde do 23 de Xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente, realízanse no centro as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado ata o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar. Estas gardas son realizadas pola totalidade do profesorado, pois o alumnado entra directamente para as aulas onde o estará esperando un profesor/a.

O resto do profesorado fai a garda no Portal de atrás, por onde entra o alumnado de transporte, no Portal de diante, por onde entra o alumnado non usuario de transporte, no soportal de primaria e de Infantil e nas escaleiras.

## 8. TICS/PROXECTO ABALAR/EDIXGAL

### 8.1. XUSTIFICACIÓN

O noso centro é un centro EDIXGAL, o que supón a utilización de libros dixitais e a plataforma EVA, ofertada pola Consellería, contando coa infraestrutura das Aulas Abalar.

### 8.2. EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURA DAS AULAS

#### AULAS EDIXGAL

O proxecto dotou aos centros dos equipamentos e infraestruturas necesarias para o funcionamento das TICs na educación, favorecendo a conversión dos centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais:

- Netbooks para cada alumno, portátil de aula, armarios con bandexas para a recarga.
- EDI( encerado dixital interactivo),servidor do centro(servizos de rede e servizos de usuario)e conexión intra-internet.
- Canón Epson para a proxección.
- Ao abeiro da normativa europea esta dotación vai a ser actualizada cambiando os encerados en paneis dixitais interactivos que non precisan cañón.

#### EQUIPAMENTOS AULAS

Así mesmo, sen aillar o proxecto Abalar do Proxecto Edixgal, contamos con netbooks Abalar para empregalos nas aulas de Primaria.

Na actualidade contamos cos ordenadores antigos do proxecto Abalar dispostos nas aulas de Primaria agás 5º e 6º seguindo a premisa de que o curso de 4º conte cun ordenador por alumno ou alumna.

Dunha banda conseguiremos que se familiaricen co entorno Linux e as interfaces e canles que van a empregar en 5º de primaria e doutra empregalo como recurso para ampliación e ou reforzo do alumno/a que o precise.

### **EQUIPAMENTO AULA TICS**

Contamos con 21 portátiles con sistema operativo Ubuntu e conectados á Internet que empregaremos no apoios informáticos ou áreas de ser preciso.

### **8.3. FORMACIÓN DO PROFESORADO**

A utilización da infraestrutura Abalar, leva implícita certa formación do profesorado implicado que xa foi feita ao inicio deste proxecto e pode ampliarse a través da plataforma PLATEGA.

Nos cursos anteriores recibimos formación sobre blogs para empregarlos como canle de comunicación dentro do Proxecto Agueiro dentro da rede corporativa da Xunta. Así mesmo o profesorado do centro consciente da relevancia que ten o emprego da Aula Virtual e outras ferramentas tecnolóxicas que nos permitan comunicarnos coa comunidade educativa, recibiu formación sobre a xestión de Aula Virtual e outras ferramentas tanto dentro da formación que ofrece PLATEGA, como dentro do Plan de Formación Permanente.

De acordo coa normativa vixente unha parte do claustro formouse para poder elaborar o Proxecto Dixital durante estes últimos cursos, formación que durante este curso versará sobre os paneis dixitais.

### **8.4. OBXECTIVOS**

#### **OBXECTIVOS DO CENTRO EN RELACIÓN ÁS TICS**

- a. Integrar paulatinamente o uso das TICs en tódalas actividades do centro.
- b. Anovar ou ampliar os recursos informáticos do centro así como manter operativos os xa existentes.

#### **OBXECTIVOS PARA OS ALUMNOS/AS**

- c. Empregar os programas e entornos específicos do espazo Abalar que facilitarán a súa aprendizaxe.
- d. Empregar o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos.

- e. Empregar o ordenador como medio de creación pero tamén de cooperación ao realizar traballo en grupo.

### **OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO**

- f. Empregar ás TICS á cotío no proceso de E-A.
- g. Favorecer a creación de material que se pode colgar nos repositorios.
- h. Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades.
- i. Favorecer o intercambio de actividades, experiencias posibilitando un traballo colaborativo.
- j. Intercambiar coñecementos e experiencias a través de Internet.
- k. Coñecer o funcionamento das Aulas Virtuais como ferramenta no ensino.

### **OBXECTIVOS COMUNIDADE EDUCATIVA**

Ante a situación actual na que nos atopamos, debemos ter en conta en todo momento, que debemos manter o contacto coas familias e o alumnado se este contacto non pode ser presencial.

Para iso debemos actualizar as nosas competencias en materia dixital para poder comunicarnos e seguir traballando de maneira en liña, se a situación empeora e ou/propiciase un ensino non presencial.

Debemos coñecer e dominar as canles coas que nos vamos a comunicar: Aula Virtual, e Abalar móbil, plataforma EVA ( E-dixgal), e outras que se poidan empregar, respectando na medida do posible a Lei Orgánica de Protección de Datos.

Tamén, dar a coñecer a plataforma EVA e o Proxecto E-Dixgal ás novas familias que se incorporan ao programa e ao centro.

## **8.5. ORGANIZACIÓN**

### **COORDINADORA**

Funcións:

- Coordinar o funcionamento da Aula Abalar/Proxecto E-Dixgal, sen illar a aula TIC.
- Coordinar as iniciativas que xurdan no centro relacionadas co uso das TICs.
- Xestionar e facilitar o mantemento da rede local.
- Consensuar un sistema de normas que aseguren o uso responsable do equipamento.
- Preparar actividades, motivar e facilitar o traballo de tódolos demais membros.
- Estar ao día do traballo que se realiza noutros centros.

- Coordinar o grupo de TIC's
- Orientar ao profesorado sobre recursos e repositorios Abalar.
- Intercambiar información e experiencias entre o profesorado do centro e outros centros respecto ao Proxecto Abalar/Proxecto E-Dixgal.
- Canalizar as incidencias que xurdan con dito proxecto, axudando a mellorar así os fallos que mostran algunhas das editoriais adxudicadas .
  
- Administrar a web do centro.

### GRUPO TICS

O equipo de traballo, que está a mudar continuamente cumprirá as seguintes funcións:

- Dar a coñecer tódolos programas educativos e recursos existentes no centro.
- Informar ao profesorado ao claustro das actividades propostas.
- Coñecer o funcionamento básico do software existente
- Introducir ás TICs no P.E.
- Decidir aspectos curriculares que se poden tratar por medio das TICs en cada curso.
- Durante estes cursos deberá participar no deseño, elaboración, e posta en práctica do Plan Dixital.

### 8.6. USO DOS ORDENADORES

A súa utilización está suxeita ás normas que foron aprobadas no NOFc

- **Aula Tics:** Co obxectivo de optimizar ao máximo o uso de recursos informáticos do centro, establécense estas normas, que deberán ser respectadas por todos os usuarios (alumnos e mestres).
  - Os equipos son de uso común, e requiren especial coidado e o seguimento dunhas pautas de actuación unificadas para así facilitar o seu estado óptimo.
  - En todo momento a aula estará supervisada por un mestre ou mestra.
  - Os usos aos que están destinados os equipos informáticos son só educativos, polo que se prohíbe o uso de chats, redes sociais, programas de descarga e os xogos serán supervisados polo mestre ou mestra.
  - Deberanse respectar os horarios existentes, e facer uso da aula cando estea dispoñible.

- Deberase o máximo respecto aos dispositivos procurando facer un uso coidadoso dos mesmos.
  - Identifícase o ordenador que usa cada alumno en todo momento. Cada alumno/a é responsable do ordenador que empregue, indicando os desperfectos que se ocasionen ou os que no momento de empregar o ordenador se detecten.
  - Non se permite a manipulación nin desconexión dos dispositivos.
  - Non se deberán realizar modificacións na configuración dos ordenadores: fondos de escritorio, accesos directos, cores... a non ser que o xustifique a propia actividade.
  - O software está ordenado segundo unha C.I ( Clasificación Informática), e debe permanecer sen alterar.
  - Serán normas de obrigado cumprimento dentro da aula: non berrar, respectar a quenda de palabra, non correr, nin arrastrar cadeiras, sen prexuízo de outras normas de comportamento.
  - Na actualidade todos os ordenadores teñen software libre.
  - Os mestres que teñan algún programa deberán comunicarllo á coordinadora TIC, ou membro do Equipo de TICs, xa que estes están inventariados e catalogados na C.I.
  - Manteremos limpa a aula TIC.
  - Asegurarémonos de non molestar os compañeiros/as poñendo os auriculares de ser o caso, ou co audio nun ton moderado.
  - O material da Aula TIC, é do centro e para uso de todos, non deberemos sacar material da aula (hardware ou software), sen poñelo en coñecemento do coordinador/a.
  - Como medida de seguridade a información gravada nos discos duros poderá ser eliminada (formatear discos...), polo que se recomenda facer copia noutro dispositivo.
  - As tarefas de formateado, instalación de programas...e mantemento, serán realizadas polo coordinador/a ou pola persoa na que esta delegue.
  - A impresora da aula, poderá ser empregada, previo permiso do mestre ou mestra.
  - Ao finalizar cada sesión quedará a clase totalmente recollida e cada alumno/a apagará correctamente o seu terminal
- **Aulas E-Dixgal:** Os ordenadores das Aulas E-Dixgal son propiedade da Consellería

de Educación, e custodiados e empregados polo centro. A aulas E-Dixgal do centro, conta con ordenadores ultraportátiles (cantidade que muda tódolos anos) ordenadores portátiles para o profesorado que imparte docencia en 5º e 6º, dous encerados dixitais, dous proxectores, unha wifi específica para as aulas e un servidor, destinado a prover de servizos (aplicacións, programas) aos equipos da Aula Abalar.

- A infraestrutura non deberá ser alterada, nin cambiada de ubicación.
- Non poderán modificar, nin manipular ningún dos seus compoñentes: hardware ou software.
- Cada ultraportátil está rexistrado cun autocolante que indica a que alumno pertence, xa que cada alumno farase responsable do que o mestre/a lle asigne.
- Farase un uso responsable do mesmo, en canto a presión das teclas, xiros da pantalla, uso do lápis...
- O alumno/a deberá notificar ao mestre responsable do grupo nese momento das posibles incidencias ou fallos do ordenador, e este a súa vez terá que manter informada a persoa coordinadora do Proxecto.
- A negligencia no uso do ordenador, as roturas intencionadas ou todas aquelas accións contrarias o uso axeitado dos mesmos, levarán consigo a obriga de facerse cargo economicamente da súa reparación, ou de crelo oportuno, reparar o dano causado.
- AMTEGA así como o Servizo Premium tan só se fan cargo daqueles danos debidamente xustificadas, polo que entre titores e coordinadora temos que levar un control exhaustivo dos convertibles.
- Sen prexuízo de todas aquelas sancións establecidas no presente documento no capítulo 6.
- Os equipos E-Dixgal teñen unha fin didáctica, non podendo ser empregados para outra cousa que para o desenvolvemento das materias impartidas.
- Unha vez rematada a sesión, os ordenadores quedarán perfectamente distribuídos no armario de carga, este pechado e listo para cargar.
- O alumado que asine o acordo de cesión levarao para casa.
- As manipulacións citadas anteriormente non só fan referencia aos equipos, senón a todos os elementos da Aula E- Dixgal.

**Aulas de Infantil e Primaria:** As aulas de Infantil e primeiro ciclo foron dotadas con paneis dixitais interactivos durante o curso 22/23.

Durante este curso 23/24 deberían dotar ao resto das aulas, tamén as aulas Abalar.

- o Reubicaremos as pantallas interactivas que foron retiradas noutras dependencias durante este curso.

### 8.7. METODOLOXÍA

Xa citada no Plan de Introducción das TICs.

### 8.8. CONTIDOS

Abalar e Pataforma EVA dotará ao profesorado e ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais, o que facilitará o desenvolvemento dos novos modelos pedagóxicos.

Sempre a través dun repositorio de contidos que se alimentará con contidos internos e externos á Xunta e integrado no espazo Abalar.

### 8.9. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Contribúe, en maior medida, ao desenvolvemento da competencia dixital.

### 8.10. AVALIACIÓN

Valorar o uso das Tics en todas as actividades do centro, a utilización de programas e a creación de materiais en liña.

## 9. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

O equipo directivo actualizará o Proxecto Educativo e darao a coñecer ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa aprobación.

## 10. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

Unha vez que se detecta un alumno /a con NEE trasládase esta información ao Departamento de Orientación que segue un protocolo de actuación para valorar as



necesidades específicas dese alumno ou alumna. Unha vez determinadas, aplícanse as medidas ordinarias ou extraordinarias necesarias, que contempla a lexislación vixente, en función das necesidades do alumnado con NEE.

Todo este procedemento está recollido no documento anexo a esta PXA, "Plan Xeral de Atención á Diversidade".

## 11. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

A comunicación familia-escola é imprescindible para o éxito escolar. Partindo deste principio, desde o momento que o noso alumnado inicia a escolaridade no noso centro iníciase tamén unha comunicación fluída coas familias, tanto desde o equipo directivo para temas informativos e organizativos do centro como desde o equipo docente, basicamente a través do profesor tutor. É este o que establece a comunicación máis directa coas familias en cuestións relacionada coa actividade académica do alumnado.

No documento adxunto a esta PXA, "Plan de Acción Titorial" recóllense as distintas accións que o profesorado do centro leva a cabo para potenciar as relacións familia-escola.

## 12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

No curso 2012/13, levouse a cabo no centro un simulacro de evacuación aplicando as melloras feitas no Plan de Autoprotección, tras a realización de simulacros anteriores. Nesta ocasión foron os bombeiros do Parque de Santa Comba os que colaboraron na realización do simulacro e emitiron un informe tras a realización do mesmo. Estas aportacións incorporáronse ao documento do plan de autoprotección como un anexo e ao mesmo tempo tivéronse en conta para modificar e actualizar o mesmo.

O curso pasado non se puido realizar o simulacro. En canto sexa posible realizarase o simulacro, pois está todo organizalo para poder facelo.

## 13. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Durante este curso o profesorado do centro fará distintos cursos de formación presenciais e tamén a través da plataforma PLATEGA.

Asimesmo, organizarase no centro un Plan de Formación en Centros, dando así continuidade á formación do curso pasado no que participará a maioría do

profesorado, Este curso traballaremos a Educación Dixital ( Polos Creativos, Paneis Dixitais e Impresora ·D)

Este curso contaremos coa formación en TDHA, que comezará o 10 de outubro e finalizará a finais de novembro.

## PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A consecución dos obxectivos e actividades propostos nesta Programación Xeral Anual será un labor a desenvolver ao longo de todo curso escolar 2018/19. Rematado o mesmo, o centro elaborará unha memoria na que se recollerá o grao de consecución dos mesmos e se avaliará todo o funcionamento do centro, adoptando as medidas axeitadas para mellorar dito funcionamento xeral en vindeiros cursos. Para isto recolleranse as aportacións feitas desde todos os ámbitos da comunidade educativa:

- Profesorado, a través do claustro e das respectivas memorias dos diferentes niveis e equipos.
- ANPA, a través do seu representante no Consello Escolar e das continuas entrevistas entre dirección e directiva da ANPA.
- Familias, a través dos seus representantes no Consello Escolar e das aportacións feitas directamente ao profesorado / dirección.
- Persoal non docente, a través das aportacións feitas á dirección/secretaría do centro.

## 14. LIBROS DE TEXTO

### 14.1. LIBROS DE TEXTO – CURSO 22/23. EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO	MATERIA	TÍTULO / AUTOR / EDITORIAL ANO DE PUBLICACIÓN / ISBN	LINGUA EDICIÓN
E.I. 3 anos		A titora elaborará o material correspondente.	
E.I. 4 anos		A titora elaborará o material correspondente.	
E.I. 5 anos		A titora elaborará o material correspondente.	

### 14.2. LIBROS DE TEXTO – CURSO 22/23. EDUCACIÓN PRIMARIA

## 14.2.1. 1º Primaria

CURSO	MATERIA	TÍTULO / AUTOR / EDITORIAL ANO DE PUBLICACIÓN / ISBN	LINGUA EDICIÓN
1º curso	Matemáticas	MATEMÁTICAS 1 Construyendo mundos Mochila Ligera Ed. Santillana ISBN: 978-84-680-7131-2	Castelán
	Ciencias sociais	CIENCIAS SOCIAIS 1 Construíndo mundos Ed. Santillana ISBN:978-84-9185-414-2	Galego
	Ciencias da natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 1 Ed. Vicens Vives ISBN: 978-84-682-6434-9	Galego
	Lingua galega	LINGUA 1 LECTOESCRITURA Construíndo mundos (1-1) ISBN: 978-84-9185-399-2 LINGUA Construíndo mundos (1-2) ISBN: 978-84-9185-532-3 Ed. Santillana	Galego
	Lengua castellana	O/A titor/a elaborará o material correspondente.	Castelán
	Inglés	Kids can I Pupil's book Ed. Macmillan ISBN: 978-1-0351-0351-5	Inglés
	Música	A mestra elaborará o material correspondente.	Galego
	Relixión	RELIXIÓN: Construíndo mundos Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-417-3	Galego

## 14.2.2. 2º Primaria

CURSO	MATERIA	TÍTULO / AUTOR / EDITORIAL ANO DE PUBLICACIÓN / ISBN	LINGUA EDICIÓN
2º curso	Matemáticas	MATEMÁTICAS 2 Mochila Ligera. Construyendo mundos Ed. Santillana ISBN: 978-84-144-0763-9	Castelán
	Ciencias sociais	CIENCIAS SOCIAIS 2 Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-033-5	Galego
	Ciencias da natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 2 Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-694-8	Galego
	Lingua galega	LINGUA 2 Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-675-7	Galego

	Lengua castellana	A titora elaborará o material correspondente.	Castelán
	Inglés	KIDS CAN! Activity book ISBN: 978-1-380-07285-6	Inglés
	Música	A mestra elaborará o material correspondente.	Galego
	Relixión	RELIXIÓN 2: Construindo mundos Ed. Obradoiro ISBN: 978-84-9185-707-5	Galego

## 14.2.3. 3º Primaria

Fondo solidario

CURSO	MATERIA	TÍTULO / AUTOR / EDITORIAL ANO DE PUBLICACIÓN / ISBN	LINGUA EDICIÓN
3º curso	Matemáticas	MATEMÁTICAS 3 PRIMARIA Construyendo mundos Mochila Ligera Ed. SANTILLANA ISBN: 978-84-680-7136-7	Castelán
	Ciencias sociais	CC. SOCIAIS 3 Construíndo mundos Ed. SANTILLANA ISBN: 978-84-9185-416-6	Galego
	Ciencias da natureza	CC. da NATUREZA 3 Construíndo mundos Ed. SANTILLANA ISBN: 978-84-9185-410-4	Galego
	Lingua galega	LINGUA GALEGA 3 Construíndo mundos Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-409-8	Galego
	Lengua castellana	LENGUA 3 Construyendo mundos Mochila Ligera Ed. Santillana ISBN: 978-84-680-7201-2	Castelán
	Inglés	Kids CAN I 3 Pupil's book Ed. Macmillan ISBN: 978-1-380-07286-3 Kids CAN'3 Essential Activity book Ed. Macmillan ISBN: 978-1-380-05293-3	Inglés
	Música	A mestra elaborará o material correspondente.	Galego
	Relixión	RELIXIÓN: Construindo mundos Ed. Santillana ISBN: 978-84-9185-419-7	Galego

## 14.2.4. 4º Primaria

CURSO	MATERIA	TÍTULO / AUTOR / EDITORIAL ANO DE PUBLICACIÓN / ISBN	LINGUA EDICIÓN
4º curso	Matemáticas	MATEMÁTICAS 4 Construyendo mundos. Santillana ISBN: 978-84-144-0769-1	Castelán
	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS Construíndo mundos. Santillana ISBN: 978-84-9185-698-6	Galego
	Ciencias da natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 4 Construíndo mundos. Santillana ISBN: 978-84-9185-692-4	Galego
	Lingua galega	LINGUA 4 Construíndo mundos. Santillana ISBN: 978-84-9185-705-1	Galego
	Lengua castellana	LENGUA 4 Construyendo mundos. Santillana ISBN: 978-84-144-0738-7	Castelán
	Inglés	KIDS CAN! 4 Pupils book ISBN: 978-1-380-07287-0	Inglés
	Música	A mestra elaborará o material correspondente	Galego
	Relixión	Relixión 4 Construíndo mundos ISBN: 978-84-9185-708-2	Galego

## 14.2.5. 5º e 6º Primaria

5º curso	Libro Dixital
6º curso	Libro Dixital

## 15. CERTIFICADO DE APROBACIÓN

Joaquín Rama Mato, en calidade de secretario do CEIP Labarta Pose de Baio

### CERTIFICA:

Que a presente Programación Xeral Anual, nos seus aspectos docentes, foi aprobada polo claustro en reunión ordinaria celebrada o día 10 de outubro de 2023, e tamén polo Consello Escolar do Centro reunido en sesión ordinaria na mesma data.

Baio, 11 de outubro de 2023

Vº e Prace

A directora

(selo do centro)

O secretario

Asdo: Sinda Cundíns Caamaño

Asdo: Joaquín Rama Mato

## 16. ANEXOS

Anexo I: Plan de Orientación Escolar

Anexo II: Addenda do Proxecto Lingüístico

Anexo III: Plan de Mellora da Biblioteca Escolar

Anexo IV: Horario e gardas de profesorado